

LIBRO DE LUGUESES
MANUEL RODRÍGUEZ LÓPEZ

TRAPERO PARDO

Un lugués oriundo de Segovia

No comfortable piso de D. Xosé Trapero Pardo na praza de O Ferrol, o primeiro que nos chamou a atención foi un retrato que lle fixo Gullón, un pintor autodidacta que presenta ó ilustre intelectual lugués cun libro antigo con tapas de pergamino nas mans en primeiro plano e, no segundo, proxéctanse os ventanais da muralla romana destacando a perfecta iluminación a contraluz dunha posta de sol.

Cerámicas e cadros selectos danlle á estancia un aire de museo. «Eu —dinos— sempre sentín paixón pola pintura e a arqueoloxía. Dende neno gustoume facer «garabatos» e aínda hoxe os sigo facendo. Cando miro a televisión, para descansar a vista, encho os brancos dos xomais e das revistas. É un costume automático». A afición pola pintura venlle de familia. Curmáns seus, o segoviano Florentino Trapero, xa falecido, e o madrileño Pedro M. Trapero, son artistas de renome. El mesmo ten feito innúmeras ilustracións para revistas e os seus propios libros. Son incontables as críticas que ten feito sobre pintura e coñece os principais museos de España, Francia, Italia, Inglaterra...

Xosé Trapero Pardo naceu na Feira de Castro de Ribeiras de Lea o 28 de setembro de 1900. O seu pai, Bernardo Trapero, era natural de Aguilafuente (Segovia) e a nai, Concepción Pardo, de Castro. A causa do afincamento dunha rama dos Trapero en Lugo debeuse a que o seu avó destinárono a Rubián como xefe de estación e con el veu Bernardo que se empregou de factor na de Lugo pero, ó pouco ftempo, animado por un irmán que era reloxeiro da Gran Casa, abriu un comercio de reloxios na Feira de Castro, razón pola que, inda hoxe, se coñeza a casa onde naceu o noso biografiado por «Casa do Reloxeiro».

¿Eran xudíos os devanceiros de D. Xosé? Pode ser xa que os apelidos de oficios dise que son de orixe xudía; pero o Marqués de Lozoya, gran amigo da familia Trapero, investigou sobre o tema e atopou un documento de «limpeza de sangue» extendido a petición dun antergo que o precisou para enrolarse na Marina Real e que chegou a ser alférez.

VINCULADO A URUGUAY

A nosa entrevista con D. Xosé transcurriu a víspera de partiren el e a súa esposa dona Delia Caetano Núñez para Foz. Ela é uruguaya, entusiasta de Galicia, mais sen esquecer as propias raiceiras. Coñecéronse en Caldas de Reis o ano 52. Dona Delia e outras dúas

profesoras viñeran a Europa e Exipto comisionadas pola Dirección Xeral de Educación de Uruguay. Ós dous anos casaron en Montevideo e afincáronse en Lugo pero voltaron a Sudamérica en diferentes ocasións que o ilustre periodista reseñou en suxeridoras crónicas. «Na miña mocidade —explícanos a señora de Trapero— en Uruguay o ensino xa era gratuito. O noso pobo era o máis avanzado culturalmente de Sudamérica e en Europa só tiñamos algo que aprender de Francia». E D. Xosé, confirmando as súas palabras, noméanos personaxes literatos como Juana de Ibarburu, oriunda de Lourenzá polo pai, «El Viejo Pancho», de Ribadeo, e escritores de recoñecida valía como Benedetti, Oneti e Rodó. «A primeira vez que visitei aquel país —engadiu— quedei admirado, ademais, pola importancia da colectividade galega. Lembro que asistín a un concerto da Banda Municipal, que dirixía o mestre Freire, con temas todos eles en galego como homenaxe a Artigas. A beleza de Uruguay e as súas praias é algo sorprendente».

A praia é o seu pasatempo favorito. Dende o ano 14 nunca deixou de veranear en Foz durante o mes de agosto. «Daquela —recorda— era unha aldea, hoxe é unha vila de moita categoría, cunha das praias mellor portadas de Galicia. Non é de extrañar, pois, que fora premiada o ano pasado». D. Xosé sorpréndenos cando bota man ó bolso e agasállanos cunha concreción dun caracol marino, que el chama «ollo mao», ó tempo que nos di: «atópase en tódalas praias de Lugo pero máis ben na de Barreiros. Seica son de comprobada virtude contra o mal de ollo. Engastadas en prata son xoias moi fermosas e recollelas no areal eme moi sano como exercicio».

Coa simpatía e o bo humor que o caracteriza, vai enrestrando recordos de Foz de cando era novo, da súa afición a nadar, das «canorias» de aldea que acudían ós baños —os médicos recetábanllos non só como terapéutica senón tamén para que se lavaran— e escacha coa risa cando se lembra da «popa de 50 kilos», unha señora moi grosa ela que vestía un saco a xeito de túnica co anuncio «Abonos Medena, 50 kilos».

ESTUDIOS EN MONDOÑEDO

Trapero Pardo cursou a carreira sacerdotal completa en Mondoñedo e aínda permaneceu outro ano máis no seminario debido á indecisión de se ordenar presbítero. Ó fin disculpouse ó bispo Solís e manifestoulle a súa vontade de se integrar na vida secular xa que non sentía verdadeira vocación para o sacerdocio. Souto Vizoso, que, pasados os anos, había ser bispo tamén, felicítouno: «iso hónrate». Podes ser bo Cristian inda que renunciés ó sacerdocio». Os anos déronlle a razón. D. Xosé segue sendo un home profundamente cristián.

«O profesorado —recorda satisfeito de ter estudiado no seminario— tratábame moi ben e o latín era a miña asignatura preferida que servíame de base para aprender francés, italiano e o portugués e ata o inglés. Mondoñedo era unha fonte cultural importante por influencia do seminario. «O Macizo», que era obreiro, lía de todo; «O Pallarego», barbeiro e músico, era un personaxe moi culto que fixoo famoso Cunqueiro. É digno de contar o que lle pasou ó Macizo. Cando voltou de América donde pasara dous anos, achegóuselle unha rapaza falándolle castrapo e el díxolle: «no te esfuerces más, puedes hablarme en gallego, que poseo los dos idiomas».

Trapero Pardo síntese moi vencellado a Mondoñedo e continúa relacionándose cos compañeiros de carreira. No cincuenta aniversario da ordenación invítárono e, como homenaxe, o profesor de latín adicoulle un poema en latín clásico. É tal a súa relación con Mondoñedo que moitos pensan que é nativo daquela cidade.

Lembramos unha anécdota do polifacético lugués: En certa ocasión asistiu a unha xuntanza de cregos presidida polo bispo de Ourense e ó ser presentado, díxolle: «Monseñor, eu son clérigo castrense. O bispo ficou barado. Si —explicouse Trapero Pardo— porque nacín en Castro e ordenáronme de Menores».

VOCACIÓN PERIODÍSTICA

Ó abandonar o seminario, colocouse en «Acción Social», foi director dos semanarios «Justicia» e «Renovación», que eran publicacións políticas, como «Don Fino», periódico satírico causante de que moitas familias ó longo de anos aínda seguiran encontradas.

«Desagradábame enormemente traballar naqueles medios políticos e decidín fundar «Ballibria», revista literaria e histórica de Mondoñedo. Nela escribiron por primeira vez en letra impresa Alvaro Cunqueiro, Fernández del Riego, Díaz Jácome e outros xóvenes. Tamén colaboraron en «Ballibria», entre outros, Iglesia Alvariño e Noriega Varela que publicou un poema precioso co gallo da homenaxe que se lle tributou a el, a Pascual Veiga e a Leiras Pulpeiro».

O ano da fundación de «Ballibria» (1930), Trapero Pardo trasladouse a Lugo contratado por «La Voz de la Verdad» donde traballou como redactor e como director pero, dende a Cidade do Sacramento, aínda seguiu dirixíndoa outros tres anos.

«La Voz de la Verdad», que estaba vinculada á CEDA, o ano 38 suspendeu a súa actividade por inanición e a papelería mercouna o seu pai político (D. Xosé casara en primeiras nupcias con María Mourelle que morreu o ano 42) e pasou como redactor a «El

Progreso», que dirixía don Puro de Cora a quen sucedeu ocupando o cargo ata a xubilación.

RECORDO PARA OS AMIGOS

Tras moitas horas de conversa inolvidable, as sombras alóganse na praza de O Ferrol, o fío musical ofrécenos a Beethoven e dona Delia, sempre co sorriso nos labios, insiste para que tomemos unhas copas. E, inda que queda moito por falar da súa abondosa e varia obra, rematamos a entrevista pedíndolle que nos defina os tres mestres das Letras Galegas recentemente desaparecidos, Fernández de la Vega, Fole e Correa Calderón. Unha vez mais, D. Xosé érguese —no transcurso da xuntanza fíxoo en varias ocasións cambiando de butaca—, o que demostra a súa incansable actividade e, sen dubidar un intre, danos a opinión sobre amigos tan queridos cos que conviviu ó longo de tantos lustros.

«Fernández de la Vega era un pensador con formación filosófica e gran escritor. Presidimos xuntos moitos concursos literarios e de pintura. Tiña unha basta cultura e lía a cotío temas filosóficos».

«Correa Calderón era un erudito, tanto nos ensaios como nas creacións literarias. Coñecía os clásicos e as linguas modernas. Hai que citar a Correa Calderón á forza cando se estudia a Gracián».

«Anxel Fole foi un poeta que lle sacaba poesía non só ás palabras senón tamén á paisaxe e a todo o que el trataba. Percuraba a eufonía na linguaxe. Eu que teño viaxado tanto con el e que estivemos moitas horas xuntos en «El Progreso», sei como opinaba. Era un home culto e moi humano. Unha anécdota: Nunha viaxe a Sargadelos, mancábano moito os zapatos. De volta para Lugo paramos para xantar na casa Palmeira e, ó remate, díxome: Pepe, te digo la verdad, desde que uno come bien, hasta los zapatos aprietan menos».

PELÚDEZ, FILOMENA E PELUDIÑO.

En «El Progreso» fixo un labor inxente firmando unhas veces co propio nome, outras con diferentes seudónimos. «Coma» empregábao para temas de actualidade cidadana. «El Cronista Oficial de la Ciudad», na serie «Del viejo Lugo» onde glosaba feitos históricos baixo perspectivas actuais, recollidos nos arquivos do Museo, do Concello ou da Diputación, chegando a ser un verdadeiro experto na lectura e interpretación de documentos dos séculos quince, dezaseis e dezasete, estes moi difíciles, sobre todo, por mor de abondosa cantidade de abreviaturas que se empregaban naquela época.

As crónicas referidas á provincia firmábaas «Castreño», clara referencia a Castro, lugar do seu nacemento.

Pero o pseudónimo que lle deu máis sona foi «Trapacero», que xa empregara en Mondoñedo cando escribía temas de broma. E o personaxe máis famoso descrito por el foi Pelúdez, un aldeán que cada ano acude a Lugo polas festas de San Froilán, e nalguna ocasión nas do Corpus. Trapacero informa a diario do deambular de Pelúdez e a súa dona, Filomena —últimamente engadiu un novo personaxe, Peludeciño, seu fillo— e conta as impresións da singular familia intercalando, con espontaneidade e gracia, críticas, ás veces con sorna, outras con retranca e picardía sobre actualidade política, institucións, persoas e costumes da capital.

«Sigo describindo cada ano as pequenas aventuras da familia Pelúdez no San Froilán —maniféstanos o octoxenario escritor— porque así o prometín cando me xubilei, máis poñíalle unha lápida de boa gaña. Desde engadín o fillo, Peludiciño, compliquei a cousa e... ¡aínda hai quen me pregunta: ¿por qué non casas o fillo? No verán, a medida que se vai achegando ó tempo das festas —sincérase D. Xosé— apértaseme o corazón e, en setembro, cando vou a Caldas de Reis, tanto cavilar no tema desacógame. Sempre é a mesma cousa. Se polo menos poidera lévalos a Monforte ou a calquera outro lugar da provincia... Sen embargo, polo San Froilán, chego á casa, sentóme a carón da máquina e saíame as crónicas coma un fío».

OUTRAS PUBLICACIÓNS

Trapero Pardo, dende xaneiro de 1958 ata 1984, dirixiu, e aínda segue colaborando, a revista «Lucus», da Diputación, na que publicou unha chea de traballos ilustrados con fotos e debuxos da súa autoría. Ademais, dirixiu o periódico «Heraldo de Vivero» e publicou o libro de poemas galegos «Lóstregos e moxenas», a lenda «Mariscal Pardo de Cela», «Pintura mural en Galicia», «Santuario de los Remedios - Mondoñedo», «Cien años de vida local», «Fortalezas de la provincia de Lugo», «Vida e obra de Leiras Pulpeiro», libro turístico de excursións pola provincia de Lugo de próxima reedición, e o folleto «Sabeliña non chores» que lle encargara D. Nazario Abel, directivo dos coros «Frores e Silveiras» e «Cantigas e Aturuxos» e que foi musicado por Gustavo Freire. «Sabeliñas non chores» estrenouse o ano 1943 no Gran Teatro de Lugo e representouse na Coruña, Santiago, Ourense e outras poboacións de Galicia.

O seu libro máis recente «... E Pelúdez dixo» é unha escolma de relatos sobre o

popular feireante de San Froilán.

DIRECTOR DO MUSEO PROVINCIAL

D. Xosé Trapero Pardo tamén foi un dos primeiros colaboradores de D. Manuel Vázquez Seijas, fundador do Museo da Diputación Provincial de Lugo. «A capacidade de D. Manuel para reunir cousas —dinos— era innegable. Logrou a colaboración do Estado, de entidades e particulares como D. Antonio Fernández, populamente «Antón de Marcos», home dunha xenerosidade enorme. A el débenselle non só pezas moi importantes senón tamén a compra da horta que daba saída ó Museo, hoxe convertida nun recanto axardinado moi acolledor. Outro gran propulsor do Museo foi o médico D. Xoán López Suárez (D. Xoan de Forcados), que estudou en Alemania, Londres e EE.UU., foi un gran mecenas, creou escolas, fixo moitos favores e ó Museo donoulle pezas románicas, obxectos de orfebrería, mobles e cuantiosas axudas en diñeiro. O seu herdeiro e sobriño, Xosé Fernández López, segue na mesma liña. Se houbera dez homes coma el na provincia, en poucos anos o progreso de Lugo sería un feito real. Outro dos que contribuíron á creación do Museo Provincial foi Castro Gil que deixou en depósito unha colección de torques de incalculable valor».

Ó falecer D. Manuel Vázquez Seijas, Trapero Pardo, que era o subdirector, estatutariamente sustituíno no cargo. «Agora —comenta bromeando— pódese dicir que non teño Museo porque está pechado debido ás obras. A Diputación vaino deixar moi ben. Un novo sistema de iluminación, unha calefacción moderna con caldeira electrónica, remodelación de salas... Como mostra do importante labor que se está a facer direille que, só en vitrinas, vanse empregar 25 millóns. Na próxima primavera está previsto que se poda abrir ó público. Pero non quixera findar estas referencias ó Museo —engado o ilustre lugués— sen me referir á gran tarefa desenvolvida polo conservador de tan nobre institución, Felipe Arias, que fixo instalar un sofisticado: sistema de vixilancia e seguridade, encadernou libros da Biblioteca que pertence á Comisión de Monumentos, dirixiu os últimos boletíns sobre temas históricos e arqueolóxicos e organizou o museo etnográfico de San Paio de Narla. Felipe Arias é un arqueólogo moi entendido en temas romanos e un traballador incansable.

O ACADÉMICO

Como académico numerario da Real Academia Gallega dende 1970, ten feito moitos informes, asistiu a diferentes actos, publicou «Manuel Leiras Pulpeiro —Vida e Obra—

Escolma de Textos, 1983» e ten en preparación outro sobre Aquilino Iglesia Alvariño.

Tamén ten pronunciado ducias de conferencias por toda Galicia en castelán e galego, segundo as ocasións. O se referir ó idioma galego remarca: «A nosa lingua ten unha variedade asombrosa ata o punto que unha mesma palabra en Mondoñedo e Abadín teñen diferente significado. «Chanto»; en Abadín, chámasele á vara tutora das xudías. Por iso é mester unha normativa. Hai que darlle unidade para entendérmonos As linguas son algo vivo. Hai que ter moito ollo co que se está a facer. As liortas entre lingüistas e filólogos poden ser contraproducentes. Eu digo: nunca erra quen fala coma na súa terra».

TRINTA ANOS NA RADIO

Outra leira a destacar do seu quefacer intelectual é a radio. Once anos en R.N. de España e trinta en Radio Lugo. ¿Quen non oi centos de veces as súas amenas glosas sobre refráns e ditos no noso pobo? «A maioría das coplas e refráns que escolmo para os espazos radiais —afirma— están recollidos no libro «Cancioneiro da Terra Cha (Pol), de Isaac Rielo Carballo ou por Vázquez Saco a quen iniciéi na arqueoloxía e, logo, foi o meirande estudioso das igrexas románicas da nosa diocese».

«De las ondas a la letra impresa» é o título das súas charlas na radio trasladadas a «Hoja del Lunes», merecentes de ser publicadas en libro. «Iso tenmo dito Evaristo Correa Calderón pro sería mester facer unha selección e moitas correccións de erros de impresión. Eu non penso facelo en galego, puntualiza: «Deben seguir tal cual porque os refráns e ditos en galego teñen maior mérito ó saír do ritmo castelán».

Ó preguntarlle se é galeguista, afirma: «Considero que o galego, polo mundo, debe ser galeguista no sentido «hispanista». Profundamente coñecedor de Galicia no bo e no malo, son galego de nación e de corazón».

E cando lle pido a súa opinión sobre as continuas homenaxes que se lle tributan, responde: «Ás homenaxes escápolles porque fanme poñer colorado pois din que son o globo do mundo cando aínda non chego a estar tan inflado».

Praza Maior, Lugo, 1 de novembro de 1986

SENADOR XACINTO CALVO

Sentiu desde moi novo unha fonda vocación política. Unha vocación herdada seguramente da súa infancia, da convivencia coas ideas liberais de seu pai e coa prensa que éste recibía habitualmente de Madrid. Aliñado desde 1930 preto das organizacións socialistas, é na actualidade senador no Parlamento Español. Un lugar no que se sinte profundamente feliz. O galeguismo é outra das suas teimas: «Son galeguista, porque son galego», asegura. Chámase Xacinto Calvo.

Xacinto Calvo López naceu en Viveiro (4-VI-1903) pero, dende os catro anos reside en Lugo debido a que os seus pais instalaron na capital un comercio de repostería. Os primeiros estudos cursounos nunha escola pública da praza de Santo Domingo que dirixía don Victoriano Tuñón, que acudía ás crases nunha silla de rodas («daquela —dinos don Xacinto— a invalidez non era motivo para deixar de traballar») e tivo profesores de renome, como Manuel Gutiérrez e Antonio Couceiro Freijomil, que él recorda con agarimo. Pero, a partir dos quince anos, deixou os estudos para traballar no obradoiro familiar (eran dez irmáns) donde permaneceu, agás catorce anos de guerra e posguerra, ata xubilarse ós 73 anos.

PAIXÓN POLA POLÍTICA

Dende moi novo, sentiu paixón pola política. Na súa casa lía «El Imparcial», «El Liberal» e «La Correspondencia de España», xornais ós que estaba subscrito o seu pai, home de tendencia liberal. Pero el lía, ademais, «España Nueva», que dirixía Rodrigo Soriano «un republicano esquerdísimo que armaba continuos follóns en plena Monarquía».

Encetou a actividade política activa en 1930 e un ano máis tarde afiliouse á Agrupación Socialista que tina a sé no «Centro Obrero», en Campo Castillo. Na mesma xuntanza foi nomeado secretario da Agrupación «Un caso excepcional —coméntanos o veterano político— xa que, segundo os estatutos, era mester unha determinada antigüidade no Partido o que motivou que expuxera a anomalía ante a Executiva de Madrid. A resposta deume ánimos: «Desexámoslle moitos éxitos. Cando o elexiron por algo será».

Ós dous anos, a Agrupación Socialista, presidida xa por el, inaugurou a «Casa del Pueblo» na rúa Quiroga Ballesteros. «Alí estiven loitando —segue dicindo ó tempo que prepara unha pipa— os tres anos anteriores á «situación». Por alí pasou moita xente pero viñan poucos políticos de renome. Lugo era unha cidade recatadiña, hai que darse conta que é a Cidade do Sacramento».

Tras a proclamación da República, Xacinto Calvo viaxou a Madrid como compromisario por Lugo para a elección do presidente Manuel Azaña. Recorda que Indalecio Prieto, na xuntanza de compromisarios, aconsellou moita prudencia porque a situación era delicada. De volta a Lugo, nunha assemblea de compañeiros do Frente Popular espuxo a consigna de Prieto. Rafael Vega retrucou: «Este Calvo está obsesionado con el fascismo». E el contestoulle: «Querido Vega, cando veña o fascismo do que lle falo, a min non me darán caramelos pero a vostede non lle van dar bombóns».

O meu interlocutor baixa a voz e, con tristura, engade: «Despois tiven a disgracia de saber que o fusilaran». E mergullado en reflexións do pasado, como se falara para si mesmo, continúa: «Tivemos moi bos militantes. Pertencer á nosa organización era un acto heroico, sobre todo para os aldeáns. ¿Vostede sabe —pregúntanos— o que significaba daquela ser socialista? Era algo tremendo, algo espantoso, dificilísimo. Tipos, que todos coñecemos, que nunca dixeron «esta boca é miña», hoxe considéranse os máis radicais. É moi doado sementar cando a terra está labrada. Quixera velos na década dos trinta cando eramos as ovellas negras da sociedade e mesmo das nosas familias».

EXILIO, DEMOCRACIA, SENADOR

Inda que transcurridon cinco décadas, o máis antigo militante do Partido Socialista de Lugo refuga descubrir onde permaneceu agachado os primeiros días do Movemento: «Non o digo —afirma cun nisco de fachenda— porque é un segredo de Estado. Eu xa lle estaba escarmentado pois o ano 34, cando a revolta de Asturias, algúns, que sabían onde me refuxiara, delatáronme. Nin eu mesmo vai saber onde estou —decidin atinadamente o 36— e salveime».

Despois dun longo e duro exilio en Francia e Portugal, o ano cincuenta regresou a Lugo, volveu ó seu traballo na confitería e fóronse sucedendo feitos, como a morte do seu pai, o casamento con Olga Sánchez Guisasola, a morte da súa nai, a reconstrucción do PSOE na clandestinidade, a democracia, novamente secretario do Partido a nivel provincial, senador por Lugo... Nos xestos e nas palabras nótaselle que está plenamente satisfeito da súa carreira política: «No Senado atópome ben e son moi querido. Por ser o máis veterano, presidín a primeira Sesión de Apertura o ano 82 e, agora, como prometera naquela ocasión, recunqueei e quixera presidir a apertura da terceira. A pesar da idade atópome con forzas. Nunca faltei a ningún pleno e sempre son dos primeiros en ocupar o escaño cando soan os timbres. Como lle digo —repite engadindo unha nota humorística— nesta Lexislatura atópome aínda mellor

ó ver tantas caras novas con tal cantidade de mulleres que dá gusto»

LEMBRANZAS DA XUVENTUDE

Don Xacinto, como se lle coñece popularmente, é un home de pequena estatura, delgado, con lentes de concha oscura, pelo completamente branco e bigote recortado. Prende a pipa unha e outra vez e sorpréndenos cando nos explica as súas actividades artísticas e deportivas xuvenís. O ano 19 era corista de «Cantigas e Aturuxos». Cantou no Orfeón de Lugo como baixo profundo. Non faltaba a ningún concerto no Círculo de las Artes («creo que foi un baixo dos cosacos rusos —dinos— quen agretou o edificio»). Foi un dos fundadores da sociedade «Novo Deportivo Club», en San Roque. Practicou, inda que pouco, o fútbol en Montirón. Participaba nas carreiras pedestres e ata foi boxeador, deporte que abandonou tras a clara derrota que lle propinou no escenario do Círculo un tal Pintos, porteiro do Sporting de Lugo. Nembargantes era tal a súa afición ó boxeo que seguiu como árbitro. Outra das súas debilidades era o cine e ¿por qué non? as esmorgas. «Aínda hoxe —confesa con naturalidade— agrádame saír do normal para armar algunha que outra troula e recordo amigos como Manolo Cobas, Pepe Pérez, Anxel Yáñez e outros compañeiros da miña xuventude».

Xacinto Calvo, o máis antigo militante do Partido Socialista en Lugo, viviu un longo e duro exilio en Francia e Portugal, ata que o ano 50 volveu a Lugo, reingresando no seu trabado de confitería

SOCIALISTA GALEGUISTA

Profundamente galego, tanto pola enxebreza do idioma como polo seu xeito de reaccionar e de obrar na vida cotiá, afirma: «Fun galeguista sempre no sentido tan ben expresado polo francés Jean Joret, que dicía: «Eu que son o máis internacional dos franceses, tamén son o máis francés dos internacionais». E eu digo: eu que son o máis galeguista dos españois, tamén son o máis español dos galeguistas. Pódese ser as dúas cousas a un tempo».

E engade: «Síntome orgulloso de ter sido moi amigo do meu paisano Ramón Villar Ponte, fundador das Irmandades da Fala e deputado galeguista con quen visitei por primeira vez o Congreso de Diputados. Uníame gran amizade con Alexandre Bóveda, que ve a Lugo con Castelao, e participamos os dous nun mitin na Praza Maior. Tiven moi boa relación con tódolos galeguistas e, por suposto, con Anxel Fole. Son galeguista de sempre porque son

galego. Son socialista galeguista».

Don Xacinto fica uns intres pensativo e di: «avergonzame tanto recordo porque decátome do longa que é a miña vida». Pero reemprende axiña o fío do diálogo e expón a súa opinión sobre a Galicia actual: «Hai poucos anos era unha vergoña falar a nosa lingua, hoxe é un encanto oír os rapaces e as rapazas conversar en galego polas rúas. Inda que transcurrirá algún tempo para poñernos á altura doutros países, afortunadamente, estamos arrumbando o personalismo e o noso pobo xa se pode manifestar, sen agachar a propia identidade. Sen lugar a dúbidas, confío no futuro de Galicia».

Praza Maior, Lugo, 15 de novembro de 1986

AMADOR LÓPEZ VALCÁRCEL

Fillo de emigrantes galegos, Amador López Valcárcel naceu no sanatorio «Hijas de Galicia», dependente do Centro Galego de La Habana, o 14-XII-26 inda que, oficialmente, conste que foi o 3-I-27. O troque de data —detalle da picaresca galega— fíxoo o seu pai para retrasarlle un ano o ingreso no servicio militar.

Poucas lembranzas garda de Cuba: un barco no horizonte albiscado dende o Castillo del Morro; neboentos recordos de ter asistido a actos no Centro Galego cos pais e confusas ideas dunha nenez enfermiza, por causa do clima, o cal decidíu que a familia López Valcárcel voltase a San Victorio de Rivas de Miño.

Na súa oficina do pazo episcopal, no marco da artística praza de Santa María, D. Amador cóntanos con agrado as súas lembranzas da época de estudante de Humanidades e Filosofía, en Lugo, e de Teoloxía, en Comillas, onde non lle foi doado integrarse. «Os primeiros meses —dinos— foron moi duros xa que o ambiente era totalmente distinto; pero aproveitei todo canto puiden pois sabía da responsabilidade persoal contraída cos que confiaron en min».'

O xoven seminarista foi ordenado presbítero polo bispo, D. Rafael Balanzá, no oratorio do pazo episcopal o 23-VII-50 e o primeiro ano de sacerdocio exerceu en San Victorio «xa que daquela —explícanos— era costume que os neo-Sacerdotes estivesen un tempo prudencial colaborando con outros cregos para írense afacendo ó seu labor pastoral».

Aquel ano fixo a sega na casa —seu pai morrera dous anos antes— e misaba no anexo de Segán e nas misas serodias, que comportaban certo sacrificio debido á obriga que existía de mante-lo xexún eucarístico.

No verán de 1951, ó pasar por Lugo de volta do campamento da Devesa, onde actuaba de capelán coa autorización do seu párroco, o bispo anuncioulle o seu desexo de que quedase na capital, máis non lle anunciou cal era a súa intención ata o seis de setembro, que lle pediu que traballase nas oficinas da Curia Diocesana, ó cal accedeu de moi bo agrado.

O mes de xaneiro de 1952 foi nomeado vice-chanceler e vice-secretario, cargos que desempeñou ata febreiro de 1981 data na que, o actual bispo, frai Xosé Gómez González, o nomeou secretario xeral do bispado e beneficiado da Santa Igrexa Catedral Basílica.

Ademais das obrigas oficiais da súa competencia, de acordo co Código Canónico, e das atribucións que lle pode outorga-lo prelado, o feito de ter á man o arquivo diocesano e de acompañar a frai Xosé Gómez nas visitas pastorais, sérvenlle moito para se adicar ó que el considera un pasatempo. «A Historia —afirma— vaime, e para min é unha regalía clasificar documentos vellos, arquivalos e facilitar datos a quen os pida».

Dous achádegos, que el aloumiña coas mans, son un libro impreso en Madrid o ano 1783, titulado «Pastoral del Ilustrísimo Sr. D. Frai Francisco Armañá» e un inventario do mesmo bispo onde relata a primeira visita pastoral que fixo á catedral durante o seu pontificado.

Outro dos logros acadados foi conseguí-la colección —agás dous exemplares— do «Boletín del Clero del Obispado de Lugo», periódico semanal que publicou o impresor lugués Manuel Soto Freire dende xaneiro de 1859 ata decembro de 1872.

«Lamentablemente —maniféstano-lo ilustre crego- non temos tanta documentación precisamos xa que os poderes civís, coa Lei de Mendizábal, incautáronse de canto había nas igrexas e levárono ó Arquivo Histórico Nacional. Só temos completa a documentación dos últimos cento cincuenta anos. É curioso —engade facendo unha paréntese— o que están a face-los mormóns. Microfilman canto consideran histórico dos arquivos parroquiais e, gracias a eles, temos copia nas dióceses. Sería de gran interese face-lo mesmo coa documentación do Arquivo Histórico Nacional, pero non temos medios económicos para tamaña tarefa».

Incansable esculcador do pasado histórico, o chanceler da Curia Diocesana amósano-lo arquivo onde garda 6.232 fotos da súa autoría, meticulosamente documentadas, e dinos: «Cando acompañe ó señor bispo nas visitas pastorais, aproveito para facer un inventario gráfico do que podíamos chamar bens diocesanos».

Concretamente, fotografía tódalas igrexas e en gran parte das casas rectorais, os

retábulos e a maioría das imaxes ademais de obxectos de valor histórico - artístico - arqueolóxico. Este labor, que principiou hai tres anos, pensa remátalo o próximo ano. Encomiable tarefa dun home entregado de cheo ó estudio e á investigación. A feliz iniciativa pastoral de frai Xosé Gómez —a maioría das parroquias endexamais tiveran ocasión de coñecer un prelado— non podía ter mellor cronista.

Os roibéns do serán alampaban no nobre edificio que separa a praza de Santa María e a praza de España, cando falamos de proxectos, suxerencias e ideas que se venen publicando nos xornais dende hai anos para salienta-lo conxunto monumental. Amador López Valcárcel ergue o ton de voz e remarca: «Esta praza tería moito máis recendo de antigüidade se conservase o arco que servía de corredor dende o pazo episcopal ata a catedral que, ó meu xuício, fixo derrubar incomprensiblemente o alcalde D. Anxo López Pérez». E engade: «Hai anos que se veñen celebrando nesta praza actos folclóricos e culturais que, tal como eu suxerín, melloraron moito en canto a audición desque se ameceu o escenario ó edificio propiedade da Caixa de Aforros. Esta praza é un magnífico auditorio ó aire libre que para si quixeran outras grandes cidades».

Publicacións e proxectos

Moitas veces, o reloxo da torre da catedral dá as dez do serán e Amador López Valcárcel aínda segue a traballar no seu despacho. Froito de «tantas horas de vagar», coma el di, son os seus traballos nas Guías publicadas pola Oficina de Información e Estadística da Igrexa en España; os Boletíns do Bispado de Lugo-Estadística Diocesana, entre os que sobresaie o correspondente a 1968 cunha segunda parte concisa, pero moi importante, da historia diocesana; o libro «Historias luguesas», no que escolma traballos sobre o culto na capela da «Soledad» dende finais do século XVII, noticias referidas ás parroquias de Lugo e artigos co gallo das festas de San Froilán e do Corpus.

Dende 1962 ata 1979, seguindo o labor de Francisco Vázquez Saco, catalogou igrexas románicas en rigorosos traballos editados polo Boletín da Comisión Provincial de Monumentos Histórico-Artísticos e pola revista «Liceo Franciscano», na que publicou un documentado estudio titulado «Sinodales del obispo Moratinos» e son numerosas as súas colaboracións espalladas en revistas e xornais. Pero a meirande parte da obra de Amador López Valcárcel é descoñecida aínda. Con sinceridade, confesa:

«Gustaríame publicar tantas cousas... Un Episcopologio incompleto que deixou manuscrito o coengo D. Antonio García Conde, lembrado e admirado profesor do Seminario

e destacado historiador de temas medievais; o proceso de desamortización da nosa Diócese coa recopilación de canto aldraxou o Estado; a biografía dalgúns bispos, por exemplo a de D. Xosé de los Ríos Lamadrid, esgrevio persoeiro que gobernou a Igrexa de Lugo despois do Concordato de Isabel II...

Praza Maior, Lugo, 1 de decembro de 1986

PEDRO GONZÁLEZ, DECANO DO COLEXIO DE AVOGADOS DE LUGO

A senlleira personalidade de Pedro González cautivoume desde o primeiro intre que o tratei no seu bufete de avogado na avenida Ramón Ferreiro. As súas verbas rebordan bondade e teñen un timbre forte e grave, propio de empedernidos fumadores, e ecoan nos incontables libros que ocultan por completo as paredes.

Natural das Devesas (10-VIII-18), unha aldea da parroquia de Santa María de Baamorto (Monforte de Lemos), pasou a infancia en Calzada del Coto (León) e en Rábade, localidades onde traballou seu pai, que era ferroviario, antes do traslado definitivo a Lugo. Estudiu primaria nunha escola de pago da que foi expulsado. «Lembro —cóntanos— que o profesor puxérame de xeonllos sen razón e eu arreboleille un tinteiro. Foi unha reacción que non deberá empregar, pero desde neno sempre sentín clara rebeldía contra as accións inxustas».

Na Cidade do Sacramento, ingresou nos Maristas, fixo catro cursos de Bacharelato no Instituto, estudos que non puido seguir debido ós escasos medios económicos da súa familia —él era o maior de cinco irmáns— e empregouse como oficial na notaría de don Isauro Pardo.

O seu interese pola política arrinca da primeira etapa no Instituto. Alí coñeceu a Ramón Martínez López, profesor de Literatura, que era un galeguista de vangarda. «Outros profesores que influíron moito en min —dinos— foron Xosé Luis Asián Peña, catedrático de Xeografía, e Glicerio Albarrán, profesor de Filosofía e presidente de Esquerda Republicana que, durante o Movemento, pasou por moitos apuros».

De Ramón Suárez Picallo tamén garda gratos recordos: «Eu era un neno e home loiro, curiosísimo e bo carpinteiro. Lembro que nunha ocasión lle axudei a prepara-la tribuna na

praza de Abastos para un mitin galeguista. Suárez Picallo tiña o engado dos grandes Oradores. Nos anos que precederon á guerra civil mantivo, ademais, relacións constantes, por afinidade de tipo galeguista, con Ramón Piñeiro, Anxel Fole, Ben-Cho-Sei e Emilio Gil, pero él non chegou a ser militante.

Compaxinando traballo con estudo, reemprende o bacharelato interrompéndoo ó ser chamado a filas con destino en Intendencia. Ó licenciarse no ano 1941 puido remata-lo Bacharelato e fixo Maxisterio sen deixar de traballar na notaría de don Xosé Mariano Llorente; mais, decatándose axiña de que a súa verdadeira vocación era a avogacía, no ano 43 fixo o ingreso por libre na Universidade de Santiago, onde se licenciaría en Dereito dous anos máis tarde.

A súa carreira é brillante. Tras uns meses de exercer como pasante con don Benigno Varela, deuse de alta con bufete propio e acadou tal prestixio que nas eleccións convocadas nos colexios de avogados en 1952, as primeiras consideradas democráticas despois da guerra civil, foi elixido tesoureiro da Xunta de Goberno do Colexio de Lugo e, en 1964, decano da ilustre Corporación, cargo que segue ocupando por sucesivas reeleccións.

Entre os contiosos traballos nos que participou a través da avogacía de Lugo, logrouse que as Audiencias provinciais coñezan de asuntos civís ademais dos criminais; a abolición da pena de morte; as primeiras bases para regulamentar legalmente os transplantes de órganos e, no Cuarto Congreso de Avogacía Española, o Colexio de Lugo foi ponente en materias como «Unidade de Xurisdicción» e «Distinción de presos políticos».

«En Lugo —suliña don Pedro— hai moi bos avogados. É unha curia moi completa e moi ben preparada. Nunca se refugaron temas considerados revolucionarios tempos atrás».

Unha das iniciativas máis importantes do «Decano de Lugo», coma se coñece popularmente, foi o 1º Congreso de Dereito Galego (23-28/X/72) promovido por él cunha orientación galeguista moi acusada. Como presidente da Comisión Organizadora, propuxo a cooficialidade do castelán e do galego nas intervencións do Congreso e en cantas ponencias se relacionaban coa personalidade galega. Trece anos máis tarde, en 1985, o propio don Pedro promovería o 2º Congreso de Dereito Galego no que xa non latexaba a idea galeguista coma en 1972. «O primeiro Congreso —suliña desalentado— en certo modo fora o billote para nos manifestarnos dentro das posibilidades daqueles tempos, pero no segundo, as liberdades xa estaban representadas por partidos non galeguistas e non tivo a resonancia extraordinaria do primeiro».

Como Vice-presidente da Academia Galega de Xurisprudencia e Lexislación, foi a Madrid co senador Manuel Iglesias Corral, que era o presidente, para expresarlle ó ministro de Gobernación, Martín Villa, a necesidade da rápida promulgación do Decreto de creación da Xunta de Galicia. A volta publicaron unha comunicación que tivo moito eco popular e que desagradou no Ministerio. «Foi a maneira de poñelos a andar —afirma o ilustre letrado— pois os galegos non debiamos ser menos cós cataláns e bascos. O pouco tempo creouse a Xunta presidida por Rosón».

Don Pedro foi un dos impulsores do Estatuto Galego. El presidiu a Comisión Redactora das Bases do ante-proxecto, intervúu no proxecto coñecido por «Estatuto dos Dezaseis» e participou como membro do Partido Galeguista no Pacto do Hostal no ano 1980.

Nas primeiras eleccións democráticas do 15 de xuño de 1977, faláralle a Ramón Piñeiro da necesidade de reconstruí-lo Partido Galeguista, pero el contestoulle que non era o momento. Sen embargo, galeguistas como Ramón Martínez López, Avelino Pousa Antelo, Viana Conde, Zulueta, Álvarez Gándara e o propio Pedro González, entre outros, fixeron rexurdi-lo Partido e presentáronse ás eleccións autonómicas de 1981 fracasando no seu intento de conseguir representación parlamentaria. «Se «Realidade Galega» —salienta— se algutina no Partido Galeguista, os resultados serían outros. Eran homes ben preparados, pero non responderon á fe das novas xeracións, que sentían o galeguismo a través de «Galaxia».

O Decano do Colexio de avogados de Lugo, ademais, é membro correspondente do Instituto Español de Dereito Procesal, Cruz de Honor de San Raimundo de Peñafort, membro permanente da Unión Internacional de Avogados, forma parte do Consello Xeral de Avogacía Española como conselleiro, é membro da área xurídica do Seminario de Estudos Galegos e vocal da Fundación Castelao. Foi representante observador en Madrid do Consello Xeral nunha xuntanza da Comisión Consultiva dos Colexios de Avogados do Mercado Común, participou no IV Congreso da Unión Iberoamericana de Colexios e Agrupacións de Avogados celebrada en Panamá o 24 de abril de 1982 e asistiu a outros en España e no estranxeiro.

Profundamente inmerso na súa profesión como especialista en casos civís e criminais, tamén sente unha forte vocación de escritor. Estes días está a prepara-la parte bibliográfica do seu discurso de ingreso como académico e colabora nun dicionario galego de termos xurídicos encargado polo Seminario de Estudos Galegos. Esporádicamente, escribe en xornais e revistas coma «Foro Galego», destacando os seus traballos sobre montes e augas.

Fixo un importante estudio titulado «Lembranza da loita polo Dereito Galego» inserto no libro «Estudos de Dereito Civil en Galicia» e hai que destacar, ademais, o ensaio que publicou sobre a poetisa do Sar «A Xusticia en Rosalía»; pero estamos seguros de que o ilustre lugués aínda ten moito que aportar ás Letras Galegas no eido do Dereito.

Praza Maior, Lugo, 1 de xaneiro de 1987

BENXAMÍN CASAL VILA, PRESIDENTE DO «CÍRCULO DAS ARTES»

Vinculado ó grupo de estudantes galegos que creou «Brais Pinto». Benxamín Casal foi conselleiro da Xunta preautonómica, da que elaborou os seus primeiros presupostos. Agora preside o «Círculo das Artes».

O noso biografiado (Lugo, 12-1-35) autocalifícase nacionalista formado por «Galaxia», pero as raíces galeguistas e de home progresista véñenlle do berce. Fillo de Benxamín Casal Trincado, —un comerciante con tenda de ultramarinos na rúa de San Pedro e que fora emigrante en Cuba—, dende neno viviu nun ambiente liberal. «O meu primeiro mestre —dinos— foi Xesús Yáñez, escolante durante a República, e represaliado despois que, coma algúns outros, impartía clases particulares. O exemplo de meu pai, que morreu cando eu tiña doce anos, foi tamén decisivo. No noso fogar escoitábanse emisoras estranxeiras, sobre todo, a BBC de Londres. Lembro que, por exemplo, a través da súa sintonía, soubemos da morte de Falla e, naquel programa, escoitei por primeira vez «El sombrero de los tres picos», que me impresionou moito e, sen lugar a dúbida, influíu na miña paixón pola música».

Home de preparación matemática, lembra con agarimo ó profesor de Latín, don Froilán López, coma o máis influínte na súa formación. porque lle ensinou a razona-lo latín, o cal lle serviu para desenvolve-las súas condicións extraordinarias para as Matemáticas. Outro profesor do Instituto de quen garda inolvidables recordos é don Antonio Fraguas «cheo de humildade e cunhas condicións especiais para o ensino».

En Madrid, o xove lugués, ademais de cursa-los estudos de enxeñeiro agrónomo, cultivou e desenvolveu as afeccións artísticas e literarias asistindo a cotío a concertos e representacións teatrais. No Centro Galego, fóra da canle institucional, mantiña xuntanzas

con outros estudantes galegos que máis tarde formarían o grupo «Brais Pinto»; «pero en Lugo —afirma con certa fachendade— xa era un inqueda galeguista debido ó ambiente que me rodeaba. Un parente meu, o mestre Xulio Simón Casal, publicara unha escolma de cantigas populares e un herbolario que eu lía con emoción. Tamén tiña noticias das clases de Avelino Pousa Antelo nas cátedras de don Antonio Fernández e, a través del, coñecín «Sempre en Galiza», de Castelao».

Na súa época de estudante na capital do Estado, Benxamín Casal aproveitaba os períodos estivais para viaxar por Europa cos amigos. «Por veces —cóntanos— ata pasabamos fame, pero aqueles sacrificios permitíronme coñecer a cultura europea e servíronme para perfecciona-lo francés e o inglés».

As primeiras experiencias como enxeñeiro agrónomo adquiríunas en Hita (Guadalajara) onde traballou dous anos como director dun equipo de Concentración Parcelaria, e aproveitando a proximidade de Madrid matriculouse en Económicas, pero ó ser trasladado a Mallorca para traballar no control das pragas das patacas, abandonou temporalmente os estudos que remataría en Santiago o ano 1970.

Residenciado definitivamente en Lugo o ano 1965, casou con M.^a do Pilar Valiño Campos, coa que tivo tres fillas e, ó longo de vinte anos, ocupou diferentes cargos como técnico ó servicio da Administración. Na actualidade é director provincial do Ministerio de Agricultura.

Outra das actividades de Benxamín Casal é o seu labor cultural. A primeira sociedade onde destacou polo seu quefacer galeguizador nuns momentos difíciles con prohibicións, vetos e detencións, foi o Clube Valle-Inclán. Dende 1979 está a dirixi-lo «Círculo de las Artes», entidade creada en 1855, conservadora e ó mesmo tempo aberta, con 5.800 socios de tódalas ideoloxías e clases sociais.

Reelixido en 1984 pola maioría absoluta dos socios, que viron nel o presidente capaz de compaxina-las innovacións co talante conservador da institución, o noso interlocutor recreábase informándonos polo miúdo das actividades do «Círculo de las Artes», do seu pasado e dos proxectos para o futuro inmediato. Amósano-lo Libro de Ouro, que abre Emilia Pardo Bazán cun autógrafo asinado en 1906, seguida por outros ilustres políticos, literatos, pintores, militares, músicos, artistas ou eclesiásticos que escribiron laudatorias frases, fixeron debuxos ou pentagramas que ollamos devagariño, unha longa lista que seguirá ó longo dos anos.

Algún día escribirase a historia do «Círculo de las Artes», obra importantísima que encherá moitos folios. A centenaria sociedade ten un fondo pictórico de 100 cadros de gran valor, hemeroteca e biblioteca con 10.000 libros. Está suscrita a 80 xornais e revistas, ten

dúas salas de vídeo, salón para conferencias, concertos e festas, editorial propia que o ano 85 publicou, por primeira vez, a «Memoria da Sociedade» en galego, clubs recreativos de billar, xadrez e filatelia e imparte clases gratuitas para socios, de inglés, pintura e música.

O seu futuro é esperanzador. «Xa ampliamos —maniféstanos con satisfacción o seu presidente— a biblioteca e, polo antroido, inauguraremos-la adecuación do edificio ás normas de seguridade vixentes. Os atrancos que os nosos consocios teñen que soportar por mor das obras, veranse compensados con maiores comodidades e cunhas instalacións modernas sen que por iso a nosa sede social perda o recendo tradicional».

A investigación técnica no eido da Agricultura, Benxamín Casal espúxo a en numerosos xornais e revistas, na súa tese doutoral (1964), que trata da reestructuración agrícola na parroquia de Santa María de Salto - A Baña (A Coruña) e nos libros «Incidencia en Galicia do plan enerxético nacional», «A Terra Cha luguesa - Estudo dunha realidade agraria galega» e «A Galicia Campesina», indispensables obras de consulta para o estudo da problemática do hábitat galego.

Arestora, está a preparar unha biografía de Alexandre Bóveda. Témo-la seguridade de que será un estudio definitivo porque, mentres nos fala da obra, observamos que a súa faciana se transforma e as verbas lle flúen con afervorado respecto e admiración polo esgrevio galeguista inspirador do Estatuto Galego.

A carreira política de Benxamín Casal arrinca das eleccións de 1974 ó ser elixido deputado provincial polo Tercio de Entidades, que comportou que Antonio Rosón o nomeara conselleiro de Industria, Enerxía e Comercio do Goberno pre-autonómico. El foi quen redactou o primeiro presuposto da Xunta e conseguiu as primeiras transferencias de Turismo, dependente do seu departamento.

O ano 79, tras quince meses de pre-autonomía, cesou na Xunta pero seguiu participando activamente en política e apoiou o «Manifesto dos Vintecinco». En 1981, presentouse ás eleccións como galeguista independente. «Unha das razóns de nos presentar nas listas do PSOE —puntualiza— foi porque, de non facelo, posiblemente non houbera habido galeguistas no Parlamento. Pensamos tamén que podíamos servir de confluencia de tódolos partidos e conseguir leis consensuadas na Cámara para afortala-lo futuro. E así foi. A posición galeguizadora dos catro galeguistas independentes —engade— foi importantísima. O necesario non era monopoliza-lo galeguismo, senón que este impregnase tódolos partidos».

Nas eleccións de 1985 o PSOE propúxolle que se presentase de novo conservando a independencia para colaborar nun programa que cimentara "as bases da autonomía". «Non me presenteí —dinos— porque considereí rematado o noso programa de traballo na primeira

lexislatura. Sen embargo sigo dispoñible, pois gústame a xestión pública, pero só aceptaría por razóns políticas que non se confundan con razóns persoais»

Praza Maior, Lugo, 1 de febreiro de 1987

ENRIQUETA OTERO

Confeso que me foi difícil compangar esta pequena semblanza de Enriqueta Otero. Descoñecedor case por completo da súa traxectoria ó longo dos anos, sabía, si, que sufriu longos anos de cadea por ter participado na guerrilla, que foi a creadora da obra lorquiana. «O Carriño» e pouco máis que lin nos xornais. E foime difícil porque, certamente, é imposible refundir en poucos folios setenta e seis anos dunha vida tan intensa como a que ela viviu loitando por un ideal.

Filla de Camilo Otero e de Cándida Blanco, que «morreu ós 36 anos despois de ter parido nove veces, sete fillos, vivos», estudou bacharelato e Maxisterio no colexio de A Milagrosa de Lugo e desde moi nova, debido á mala administración económica de seu pai, tivo que atende-la subsistencia de tres irmáns menores. Puxo escola en San Cosme de Barreiros, Ferreirós e Montefurado e, en Madrid, exerceu no Grupo Escolar Gómez Vaquero e ampliou estudos na sección de Pedagogía da Facultade de Filosofía e Letras e na Escola Central de Xordomudos.

O GOBERNO DE NEGRÍN

Enriqueta Otero, que estivo casada cun mestre e abogado leonés morto pola guerrilla en Santander, «unha de tantas parellas —dinos— que separou a guerra por mor das loitas horribles que se deron en España», loitou no bando republicano activamente e traballando na organización de hospitais fogares de soldados e milicias de cultura. Nos derradeiros días da guerra foi unha líder en contra da Xunta de Defensa formada por Casado, Besteiro, Largo Carballero e Wenceslao Camilo... e unha incansable propagadora dos nove puntos propostos polo Goberno de Negrín. «Coa súa aprobación —asegura— ó finda-la guerra non houbera habido represalias en ningún dos bandos e xuzgaríanse os delitos tipificados no Código Penal.

Opuxémonos —suliña con firmeza— á entrega-lo poder en bandexa. Tamén queríamos levar a cabo o combate do Exército do Centro porque aínda que razonaban que o Exército do Norte estaba vencido e que as condicións estratéxicas eran desfavorables, eso houbera servido para desconecta-los plans de Hitler que tiña mester de findar co comunismo en España para facilita-la derrota do socialismo no mundo».

A Xunta de Defensa concentrou ós partidarios de Negrín no colexio dos Salesianos mentres non tomaban posesión e, ós cinco días, máis de 2.600 mulleres pasaron á cadea de las Ventas de onde conseguiron fuxir cando as forzas de Franco estaban entrando en Madrid. Enriqueta Otero, durante dúas semanas, permaneceu na capital, pero sen poder dirixirse á súa casa en Modesto Lafuente, 12, nin ás dos seus amigos por estaren baixo control militar e, tras infindos atrancos e privacións, conseguiu chegar a Lugo e refuxiarse na casa do crego da parroquia de A Nova, que era amigo da súa familia e que lle facilitou a fuxida.

«Os escapados —explica— sufrimos unha verdadeira traxedia. Desde que me conciencie do que era o fascio e do que era o mundo socialista creado a base da Ciencia, da Razón, da Xusticia e da Dialéctica, obei por adicarme de cheo a loitar polo camiño do socialismo, aínda que me gusta máis dicir que me considero aprendiz de bolchevique. Tamén o foron Rosa Luxemburg, que a mataron, e Alexandra Kolontai, muller dun valor inmenso á que rodearon dunha nube de silencio porque o mundo está afectado dun virus moi venenoso e perturbador que é o machismo».

GUERRILLEIRA DA RESISTENCIA

«María de los Dolores», que tal era o seu nome de guerra, adicouse a organiza-la guerrilla en Galicia, O Bierzo e na parte oriental de Asturias. Coñeceu e colaborou, entre moitos outros con Foucelles, «Marrofer» (Marcelino Rodríguez Fernández), Xosé Castro Veiga (O Piloto), Xulio Nieto, Ramón Vivero, Pepe Vicente, o seu compañeiro ata a noite do 13 ó 14 de febreiro de 1946 en que caeron nunha redada. E morreu no cárcere de Lugo e ela foi ferida en combate contra a Policía Político Social.

«Os guerrilleiros da resistencia —afirma— pasamos moitos horrores. Nin intendencia, nin onde parar nin onde durmir; pero nos seguimos na loita e agora, nestes días de outono do 86 faise un chamamento unitario para homenaxear, ¿a quen?, ós resistentes que houbo en España porque os gobernos da transición e o actual aínda non foron capaces de adoptar disposicións para rehabilitar ós que estivemos na Resistencia. Eu sumo a miña voz —continúa elevando o tono— á homenaxe das vítimas do franquismo, ós herois da

Resistencia, ós chamados bandoleros qué endexamais cometeron un crime. Só os cometeron os contraguerrilleiros que crearon eles como está a suceder agora coa guerra sucia, posta ó descuberto polo sarxento Xosé Luis Cervero Carrillo. Enriqueta érguese e remarca; «A nosa loita foi honrosa. Estou a falar dos que defendemos os nove puntos de Negrín e protesto enormemente de que á única forza que representou a legalidade en España durante longos anos de guerrilla aínda non se lle teñan descoñecido os seus méritos e os seus dereitos.

CONDENADA A MORTE

O Consello de Guerra celebrado na Coruña os días 17 e 18 de xullo de 1946 —causa 75/46— condenou a Enriqueta Otero á última pena, que lle foi conmutada por 34 anos de cadea. O seu defensor oficial, Rivas Picher, afirmou: «Se tódolos revolucionarios foran como Enriqueta Otero, a revolución faríase pero o mundo non tería nada que temer».

Iso costoulle ó defensor que lle rebaixaran a graduación militar, mais ela salvou. Tamén foron conmutadas as penas de morte a Villares e Urquiola, pero non tiveron a mesma sorte Ramón Vivero e Xulio Nieto que foron executados.

As prisións da Coruña, Amorabieta, Madrid, Segovia e outras habían ser durante 19 anos os lugares onde a teimuda loitadora sobreviviu, pódese afirmar que milagrosamente, ata que ó revisar a fondo o seu expediente e non ter ningún delito tipificado no Código Penal, quedou libre o ano 1965.

Arrastra polas rúas de Lugo os seus 76 anos cunha vitalidade inusual, desafiando a vida que sempre se lle amosou aceda. Mantén aínda Enriqueta Otero ese ánimo de loita que tivo que recuperar para recupera-la sua vida antes aínda do óbito do franquismo. Mantén a súa forza amparada na súa conciencia de que o socialismo é a ciencia e a razón e de que o mundo está afectado dun virus venenoso e perturbador que é o machismo. Tenta demostrar que a política non se predica necesariamente desde un Estrado

INCANSABLE ACTIVIDADE SOCIO-CULTURAL

Enriqueta Otero Blanco é un milagre de resurrección increíble. Ó se reintegrar á sociedade, pleiteou para recupera-las posesións maternas da súa casa natal en Miranda (Castroverde) que foran vendidas atrepellando o patrimonio de sete menores, e adicouse ó labor educativo creando a Asociación Cultural «O Carriño», que acadou gran resoancia ó participar no Coloquio Internacional de Universidades Populares celebrado en Mulhouse.

Tamén fundou en Castroverde a Asociación de Veciños «O Fungueiriño» e a cooperativa «La Esmeralda 13193».

A pesar da trombose aguda sufrida recentemente, síntese con forzas e propugna a creación de Centros Comarcais Educativos Rurais «onde o mestre se integra co pobo e cos nenos» e esixe que se aplique a Lei de Educación Compensatoria de 27 de abril de 1983. Co seu traballo persoal e cos seus propios medios económicos construíu escolas como a de Callán que foi clausurada porque resultaba caro asignarlle un mestre «como se manter unha escola —láíase— fora unha empresa lucrativa» e o seu propósito é fundar un centro para a muller «onde se lle evite caer nas barras americanas ou na prostitución e se lle dea traballo e orientación». Con ese fin está a organizar, como única e universal herdeira, a Fundación «Casa da muller, Cándida» en lembranza de súa nai.

Praza Maior, 1 de marzo de 1987

NARCISO PEINADO

Un andaluz afincado en Lugo

PUBLICACIONES, PREMIOS E ACTIVIDADES

Narciso Peinado publicou «El Camino de Santiago a través de Galicia» (1949); «Lugo Monumental y Artístico» (1970); «Guía Monumental y Artística de la Provincia de Lugo» (1971); «La Antigua Catedral de San Martín de Mondoñedo (Foz)» (1972); «Sierra de los Picos de Ancares» (Temas Lugueses) (1974); «Torques Celtas» (1975) e «Lugo en sus orígenes» (1984).

Foi un dos redactores do «Boletín da Comisión Provincial de Monumentos Históricos e Artísticos de Lugo» e segue colaborando no Boletín mensual da «Asociación Española de Amigos de los Castillos», de Madrid, da cal é un dos seis membros do Comité de Honor que presiden os reis de España; na revista «Lucus», da Deputación de Lugo, e na prensa nacional, especialmente «El Progreso», de Lugo.

Como orador, pronunciou conferencias en diversas cidades de España e en Italia, Francia e Portugal. «Italia —dinos ó tempo que nos amosa o carné que o acredita como «amico nº 1» do Instituto Italiano de Cultura, 1962— coñézoa exactamente coma Lugo e, o Vaticano, agás a habitación papal, percorrino todo acompañado por un gran amigo, Castelnuovo Nicolini, garda nobre da Súa Santidade».

De andaluz teño a partida de nacemento... e gracias

Veiu a Lugo da man dun tío cura, e quedouse. A situación na que se criou na capital luguesa propicioulle un ambiente cultural impagable. Centrou a súa actividade no estudio da historia, especialmente no pasado de Lugo.

Tamén foi asesor artístico da película «Amigos del Camino de Santiago de París a través de Galicia» (1960) e do documental en color «Lugo 2000» (1976).

É Membro Correspondente da Real Academia de Historia de Madrid e da Real Academia Galega; Cabaleiro da Orde Civil de Alfonso X El Sabio; Medalla de Prata e Premio Nacional «Marqués de Sales» da Asociación de Amigos de los Castillos»; Premio Internacional no certame convocado polo Instituto de España en 1943 sobre Peregrinacións Xacobeas, polo traballo «El Camino de Santiago a través de Galicia»; Premio Internacional de Periodismo e Medalla de Ouro no Concurso do Bimilenario da Fundación de Lugo (1975) e o Concello de Lugo adicoulle unha rúa da cidade, como agradecemento ó seu labor.

Ó longo do tempo desempeñou importantes cargos relacionados coa súa intensa actividade cultural. Entre outros, foi vice-presidente da Comisión Provincial de Monumentos; secretario da Xunta Diocesana de Arte Sagrado; membro da Xunta do Museo Provincial; xefe local do Servicio de Protección Civil do Patrimonio Artístico Nacional; representante provincial do Patronato Provincial do Camino de Santiago e vice-presidente da Sociedade Filarmónica Lucense.

No eido profesional, ó remata-la carreira no ano 1924, exerceu como mestre nacional en Alfoz, Cospeito, Láncara, O Incio e Trabada ata o 12-VI-31, que conseguiu praza en propiedade en Baamonde. De 1925 a 1931 foi, ademais, director do Colexio Balmes, na rúa San Pedro de Lugo, e o 13-VII-46 ingresou por oposición na Anexa Normal, onde exerceu ata que se xubilou no ano 1974. Tamén foi profesor de Xeografía e Historia no Colexio das RR. MM. Xosefinas e de Francés no Instituto Masculino.

Andaluz por nacemento (Jaén, 24-VII-1904), Manuel Narciso Peinado Gómez considérase lugués, xa que vive na Cidade do Sacramento dende os once anos. «Tróuxome a Lugo un tío meu coengo que era meu padriño. Polos seus servicios asistenciais —penso eu— durante a batalla de Santa Susana de Caney, a catro quilómetros de Santiago de Cuba, e por socorrer ó xeneral Arsenio Linares Pombo, foi nomeado coengo da Santa Igrexa Catedral Basílica de Lugo no 1903. A el débolle —engade— o vivir unha xuventude mergullada nun ambiente cultural nada común e unha auténtica relixiosidade. Meu tío incluiu tamén no que

teño de persoa ordenada».

Certamente, o académico é sumamente ordenado. No seu despacho, presidido polo escudo dos Pita da Veiga, e na sala de estar, presidida polo dos Osorios, da casa solar de Lán cara da súa dona Pura Osorio López, filla de don Ramón Osorio e Pita da Veiga, podemos observar innúmeros recordos de amigos e a biblioteca. O que máis nos chamou a atención, sen embargo, das pertenzas persoais que nos amosa, son dous voluminosos libros encadernados polas monxas salesas onde recolle cantos artigos ten publicado dende 1921 ata o 24-I-87. Un total de 896 colaboracións baixo o título «Originales de Narciso Peinado».

Tamén conserva os orixinais dos seus traballos manuscritos, perfectamente ordenados e cos respectivos índices. Incluso garda un «diario», iniciado no ano 1958, onde se poden ler impresións recollidas nas viaxes, efemérides diversas e anotacións de todo tipo dos pobos e aldeas das diferentes rotas que percorreu a pé para confecciona-los seus traballos, en especial «Peregrinaciones Jacobeas», que, baixo o lema «Volvamos a Santiago», acadou o «Premio Caudillo» no ano 1945.

Don Narciso foi un dos asiduos colaboradores do «Boletín da Comisión Provincial de Monumentos Históricos e Artísticos de Lugo», do que se publicaron 90 números que encadernou en dez tomos. Nel colaboraron Xosé Trapero Pardo, Manuel Vázquez Seijas, Francisco Vázquez Saco e Nicandro Ares, entre outros moitos intelectuais... Con nostalgia non disimulada, dinos: «Foi unha aportación importantísima para a nosa historia e, naturalmente, ó se deixar de editar, a súa desaparición representou un vacío difícil de encher».

Un dos artigos máis importantes de cantos publicou no Boletín titúlase «La estancia de los Reyes Católicos en Lugo», traballo que realizou baseándose en documentos que se atopan no Archivo Histórico Nacional de Simancas, a dez quilómetros de Valladolid, onde residiu invitado polo coronel Emilio Esparza mentres durou a recopilación dos datos que precisaba.

Como bibliófilo, é un experto en Historia e Paleografía, materia que cursou por libre durante tres anos na Universidade de Santiago. A el débémolle a interpretación de numerosas inscricións de monumentos e pergamiños medievais. «Quen non sabe Historia — afirma— atópase deficiente. A Historia, Beethoven e Wagner foron sempre a miña paixón. Non tiven outra».

Nas súas conversas, Narciso Peinado é moi gustante de contar anécdotas. El era íntimo do bispo auxiliar de Santiago, Miguel Novoa Fuentes, e, nunha ocasión que acudiu a palacio, en troques de se anunciar directamente, fíxoo a través do fámulo e cando estaba na

sala de espera abriuse a porta e apareceu o cardeal Quiroga Palacios, que lle dixo: «Veño de parte de Miguel para decirlle que o recibirá de seguida». «Mira que mandar ó cardeal — comentoulle don Narciso a Novoa Fuentes— para que me avisara...» ¿E logo, — contestoulle— querías que che mandara á Súa Santidade?»

Cando o prelado de Lugo, Manuel Basulto Jiménez, foi destinado a Jaén, invitouno a xantar. El era abstemio e ó botar man do vaso de auga viu que tina unha mosca e chamou polo cociñeiro: «Mira, Pedro —díxolle— cando che pida moscas ponmas en prato á parte».

Con Fole, fixeron o servicio xuntos como voluntarios de complemento. Nun ano, de soldados, tiñan que ascender a cabos e sarxentos. Don Anxel díxolle: «Se a «mili» vai nutrirse dos individuos de servicio de complemento, a milicia periclita».

Trala longa conversa co historiador lugués («de andaluz —afirma— teño a partida de nacemento, e gracias») pedímoslle que auto-sedefina e contesta: «Agora xa me están fallando o entendemento, a memoria e a vontade. Non hai peor enfermidade cá suma dos anos. O home cando chega ós 82 xa está de volta de todo e prácelle pensar en NADA».

Do seu labor está satisfeito. «Síntome compensado porque traballei sempre de acordo coa miña vocación; pero nunca percibín beneficios monetarios polos meus libros. A única compensación que sentía —suliña— foi ver os meus traballos en letra de imprenta».

A virtude que o distingue —díxonos un vello amigo seu— é a lealtade, e unha das maiores cualidades é ter sempre un consello acertado en calquera eido do saber».

Praza Maior, Lugo, 1 de maio de 1987

O SACERDOCIO, A MÚSICA E XOSÉ CASTIÑEIRA

Viviou entre o sacerdocio e a Música, molesto coas dificultades pero consciente de que na arte a perfección é imposible. Creou e dirixiu boa parte das corais. Agora negocia coa Deputación provincial a creación dunha escola de canto. Mentres, compatibiliza o labor artístico co relixioso.

Fillo maior de nove irmáns, Xosé Castiñeira naceu en Aspai -Outeiro de Rei (23-11-28), pero dende neno viviu en San Martín da Ribeira cun bistío crego, o cal, sen dúbida, motivou a súa inclinación ó sacerdocio.

No 1941 ingresou no Seminario de Lugo, onde estudou Humanidades e, polas súas cualidades sobresaíntes, o bispo, don Rafael Balanza, mandouno a Roma para cursar filosofía na Universidade Gregoriana.

Afeito á pequena capital de provincia, o traslado a Cidade Eterna na plenitude da súa xuventude, foi un cambio radical. As solemnidades relixiosas presididas por Pío XII permanecen nítidas e imborrables na súa lembranza. «Os seminaristas máis novos —recorda con satisfacción despois de tantos anos— actuabamos de monaguillos nas solemnes funcións que presidía o Papa —misas pontificias, beatificacións, canonizacións...— e aínda me parece estar vendo a Su Santidad, que impresionaba coa súa presenza beatífica de seriedade, sabiduría e ata de misterio, que me deixou marcado no sentido sacro-humano da súa figura».

En Roma residiu no Colexio Español, o rector do cal era don Jaime Flores, anos máis tarde bispo de Huesca, «o sacerdote —afirma— que máis me satisfixo naquel entón como persoa humana e acolledora. O ambiente no Colexio Español —engade— era aberto e de gran compañerismo. Do profesorado quero salientar ó de Metafísica, o P. Dezza, xesuíta, confesor de Papas, home asequible, espiritual e moi preparado, que era rector da Universidade».

Debido á enfermidade, ós dous anos tivo que voltar a Lugo onde «un pouco mimado por todos, compañeiros, profesores e bispo», recuperouse e rematou a carreira sacerdotal sendo ordenado presbítero no ano 1953.

Sabedor da súa paixón pola música —sendo teólogo dirixira os coristas da Catedral, entre os que se encontraba Xosé Molejón, na actualidade segundo organista— monseñor Balanza propúxolle que voltara a Roma para estudar Música no Pontificio Instituto de Música Sacra, ó cal accedeu agradecido.

O seu ingreso no Instituto coincidiu coa morte de Pío XII e co noméamento de Xoán XXIII. Tamén asistiu ó enterro de don Lorenzo Perosi, director perpetuo da Capilla Sixtina e o mellor músico de Italia, baixo a dirección do cal cantara na beatificación de Pío X.

Os estudos eran difíciles e para seguir novo curso era mester conseguir un notable como nota mínima. Castiñeira Pardo licenciouse en Canto Gregoriano, especialidade na que obtuvo o grado de mestre, en Armonía, Composición e Dirección. Ademais ten o bacharelato en Musicoloxía e Paleografía Gregoriana. Como profesores, entre outros de gran relevancia, tivo a monseñor Higinio Anglés, ó P. Cardini, ó actual director da Capilla Sixtina, Doménico Bartolucci, e ó P. Ignacio Prieto. Durante os sete anos de permanencia en Roma, acadou, ademais, a licenciatura en Teoloxía e, de volta á diócese lucense, gañou por oposición a praza de prefecto de Música da Catedral, que conleva o nomeamento de coengo, e empezou a dar

clases de Música no Seminario e de Filosofía e Relixión no Colexio das RR.MM. Josefinas.

No Seminario reorganizou a Schola Cantorum, que chegou a ser un grupo cultural de primeiro orde «incapaz de atender a tódalas propostas de actuacións —dinos— debido á calidade dos alumnos, moitos dos cales seguen adicándose á música en bandas, grupos e corais e, algúns acadaron gran renome, como Xosé Luis Foxo, fundador da Escola «Toxos e Xestas», de Barcelona, e director da Escola de Gaitas da Diputación de Ourense, ou Carlos Villanueva Abelairas, creador e director do Grupo de Música de Cámara da Universidade de Santiago».

Xosé Castiñeira creou e dirixiu durante seis anos a Coral do Círculo de las Artes e, baixo o patrocinio da Deputación Provincial, reorganizou a desaparecida Coral Polifónica de Lugo, que dirixiu durante dous anos ata o 69, que foi nomeado rector do Seminario e extinguiuse a Coral.

Tódolos anos, «para ambientarse e actualizarse», seguía facendo cursiños. Entre outros: de Gregoriano, en Solesmes; de Pedagogía de canto escolar, na Escola Superior de Música de Madrid; de Dirección Musical, en Cuenca, e asistiu ós Cursos Internacionais de Cervera (Lérida).

Da parede do despacho da rectoral catedralicia, onde reside co seu irmán Manuel, capelán primeiro e sacristán da Santa Igrexa Basílica, pendura un cadro, recordo das vodas de prata sacerdotais cando era rector do Seminario, unha etapa de doce anos moi importante na traxectoria do noso biografiado como formador de futuros sacerdotes. Había que actualizar estruturas xa superadas. O regulamento, deica entón, igual para tódolos seminaristas, tivo que reformarse, xa que non se podía seguir tratando do mesmo xeito ós estudantes de once anos e ós de vinte. A partir do Concilio Vaticano II, a expresión do crego, sen trocar a esencia do sacerdocio, tamén era diferente. Foi moi difícil, pois, o labor dos responsables da súa formación na década dos setenta. E non faltaron as críticas de quen coidaba que se debía seguir coas normas tradicionais. Cando lle pedimos se está satisfeito da súa actuación como rector do Seminario, coa prudencia e humildade que o distingue, maniféstanos: «A sociedade impuxo un cambio que conlevaba novas estruturas de formación e, en realidade, os que finamos aquela responsabilidade non sabiamos exactamente qué facer porque fomos formados doutra maneira; pero gracias ós nosos intentos de acertar, que nalgúns casos foron erros, hoxe posiblemente haxa ideas máis claras de cómo se debe ser e de cómo se debe formar o crego de mañá. Aquel Seminario, diríamos tridentino, cumpriu unha etapa gloriosa, pero era mester crear o do Concilio Vaticano II. O que non se pode negar é que o Seminario de entón foi unha posibilidade de formación para moitos rapaces que non tiñan outra maneira de

acadar uns estudos. Eu —continúa o ilustre coengo lugués— vivín aquela efervescencia, que xa empezara en tempos do meu antecesor, e penso que se puxo boa intención para remediala e a isto contribuía moito co seu apoio e comprensión o bispo Ona de Echave. Tamén coido de gran interés —engade— que, gracias ás xestións do profesor Xosé López Díaz e do Xefe de Estudos, Xosé Lebón Sánchez, conseguimos a homologación dos estudos de E.X.B. e de B.U.P.

Ó deixar a dirección do Seminario no ano 1981, creou, para o servizo da Catedral, o Orfeón Lucense que se presentou en público o 22-XII-82. O grupo está formado por noventa voces e, de ano en ano, acadou un progresivo perfeccionamento e participou en numerosas actuacións. No Orfeón Lucense percíbese un estilo de actuar coherente coas épocas e cos autores de obras difíciles de interpretar, detalle que se bota de menos en moitas agrupacións de categoría. Cando lle preguntamos ó amigo Castiñeira se está satisfeito de tantos éxitos reflexados nas laudatorias críticas de conocidos especialistas, contesta: «Nunca me sinto plenamente contento porque a perfección é imposible na arte; pero se te refires ó punto de partida, realmente conseguíuse moito. O feito de ter sido invitados a actuar en tan diversas ocasións e mesmo na TVE é un sinal de aceptación».

Dende hai un tempo está en negociacións coa Deputación Provincial de Lugo, que está disposta a patrocinar unha Escola de Canto baixo a súa dirección con miras a fomentar a música coral na cidade e na provincia. O problema é a falta de locais. «Fóra da muralla —afirma— o Auditorium «Gustavo Freire», de recente inauguración, é bo e cunha sonoridade que me satisfai pero, para o ensaio diario, queda un pouco lonxe. Gracias ás facilidades que nos presta o Seminario, ensatamos de luns a xoves, pero sería ideal poder face-lo nun local máis céntrico. É unha mágoa —suliña— que a centenaria institución «El Círculo de las Artes», entre as importantes actividades que ven realizando, non volva a resucitar a Coral Polifónica que lle deu tanto prestixio».

Como compositor, Xosé Castiñeira ten unha obra abundosa. Máis de media ducia de misas en galego e castelán, moitos cantos a unha e varias voces para distintas partes da Eucaristía e as actuais melodías que se cantan nos funerais. Ademais de autor de temas populares, tamén armonizou contiosas cancións galegas que se interpretan na Schola Cantorum, no Orfeón Lucense e noutras corais e sociedades musicais, pero a súa creación, considerada por moitos musicólogos novedosa e de gran orixinalidade no eido musical, está sen publicar. «A miña obra —contesta coa súa natural modestia ante a nosa extrañeza— non é propiamente unha produción artística, pois a maior parte serve para atender as novas necesidades da Liturxia e tamén as posibilidades dos cantores. Con todo —engade— non

descarto que publique algunha obra máis adiante».

Praza Maior, Lugo, 15 de maio 1987

XOSÉ RODRÍGUEZ LÓPEZ

está disposto a donar terreos si se monta a celulosa na provincia

Moito me tiñan falado das cualidades especiais de don Xosé para crear riqueza. Houbo quen me asegurou que cunha ducia de personas coma él en poucos anos, a provincia de Lugo acadaría un desarrollo envidiable. No é de extrañar, pois, o meu interés por facer unha semblanza do sobriño de Xoán López Suárez, -Xoán de Forcados- o inspirador e protector de tantas realizacións agropecuarias e culturais.

Xosé Rodríguez López naceu o 11-4-1910 en Pousada, parroquia de San Martiño de Mariz-Chantada, onde pasou a infancia e aprendeu as primeiras letras; pero, dende neno, residiu varias tempadas en Lamaquebrada e Arxeriz con seu tío don Xoán quen, ó longo dos anos, influiría moito no seu xeito de ser e mesmo de obrar. Con fondo respecto e agarimo recorda as festas do Corpus na casa do Ventura de Forcados, onde vivía o abó materno, don Xenaro, e fálanos de don Xoán e da súa dona, Mariana Castillejo Duarte; da aboa, dona Xoaquina, famosa e moi culta; do seu tío Xulio; de Cruz Galiástegui, director da Misión Biolóxica de Galicia, centro auspiciado por don Xoán de Forcados, e como anécdota, explícanos que a súa bisaboa, dona Vicenta, fora «raptada», cando tiña doce anos, polo que había ser o seu marido e por un tío crego os cales internárona nun convento ata a idade de casar ós catorce anos. O matrimonio foi feliz e ela morreu maior de noventa anos.

Estudios en Lugo e Madrid

Don Xosé de Arxeriz recréase falando do Seminario de Lugo donde cursou Humanidades, Filosofía e dous anos de Teoloxía: «Eu era o quinto de dez irmáns e os meus pais decidiron ingresarme no Seminario para manter a tradición de ter un crego na familia. Dos anos de estudante -afirma- teño moi bos recordos, xa que era moi apreciado polos profesores e compañeiros».

O sobriño de Xoán de Forcados, conocido como don Xosé de Arjeriz, é un dos máis

sobranceiros empresarios lugueses

O noso biografiado abandonou os estudos sacerdotais o ano 30, pouco despois do falecemento do seu pai e, o ano seguinte, acudiu a uns cursiños de lácteos, apicultura, avicultura e elaboración de viños, impartidos por Gregorio Matalla, José Teodoro Trigo; un catalán de Arenys de Mar chamado Salvador e Juan Marcilla.

Tras servir seis meses en Lugo como soldado excedente de cuota, tempo que aproveitou para convalidar estudos e sacar o título de Bachiller, a comezos do ano 33 empezou a traballar en Arxeriz como empregado na industria de manteiga de don Xoán López Suárez, asociado, naquel entón con Marcelino Rubio, de Mantequerías Leonesas. É significativo que, cando foi movilizada a súa quinta, seguiu ó frente das empresas por orde superior. O Goberno Militar de Lugo entendeu que era máis necesario o seu labor na retaguardia ca na vanguardia pois, ademais de produción láctea, atendía explotacións agrícolas, gandeiras e adicábase ó cultivo de pataca e do trigo con métodos científicos que aumentaron enormemente o rendimento.

Durante os tres anos da guerra civil -Xoán de Forcados estaba en Madrid e don Marcelino morrera nun bombardeo en Asturias- fíxose cargo da industria Arxeriz e empezou a elaborar queixos en Chantada (Larsa) con tal éxito que, ó rematar a guerra e rendir contas ó seu tío e a Mantequerías Leonesas, os beneficios foron moi apreciábeles.

Seguindo o consello de Xoán de Forcados «as ocasións de gañar diñeiro cando se perden non se repiten» non dubidou mercar fincas que, traballadas axeitadamente, -en ocasións tivo rogas ata de 90 personas- multiplicaron a produción espectacularmente. «Os resultados -afirma- foron asombrosos. Galicia, na década dos corenta, tivo ocasión de rexurdir economicamente. Xa durante a guerra, a aportación nosa ó abastecemento de España foi importantísima. Eu mesmo lle oín dicir ó teniente coronel Fernando Sostoa: «España non sabe canto lle axudou Galicia nin llo soubo agradecer».

¿Unha celulosa en Fazouro?

Don Xosé é consciente coma ninguén da importancia forestal de Galicia e critica duramente a irresponsabilidade da Administración ante a praga incendiaria que está arruinar o noso país e toda España. «É Urxentismo -suliña- unha lexislación acorde coas necesidades actuais. Débese esixir a limpeza dos montes, que haxa cortalumes, brigadas de homes con medios modernos para actuar axiña, como poden ser hidroavións, torres de control, servizos telefónicos, vehículos todo-terreo... Galicia podía ser tan rica como Dinamarca ou Suecia».

Últimamente estase a falar da posibilidade dunha celulosa en Fazouro. Hai dez anos xa se tentara crear pero malogrouse a ocasión. Sabemos que o noso entrevistado é un dos promotores da idea, e o lugar, segundo os técnicos, é inmellorable tanto polas comunicacións como polas particularidades meteorolóxicas da comarca para contrarrestar os problemas de contaminación. «Hoxe en día -asegura con patente clarividencia do tema- as celulosas son dunha gran rentabilidade e Lugo non pode renunciar de ningunha maneira á explotación integral da enorme riqueza forestal dos seus montes. Eu estou disposto, incluso, a donar os terreos para que se convirta en realidade».

Ante o meu asombro e como se quixera remarcar a súa afirmación, engade: «Voulle decir máis. Parte do lugar de Torre de Arcos, que merquei o ano 44, e a Torre, que adquirin na década dos sesenta, estou disposto a donalos tamén a calquera organismo particular ou oficial coa soa condición de que restauren a Torre, que, como sabe, pertenceu ós devanceiros do Gran Capitán».

Comentarios irreais

Don Xosé non fuma nin bebe bebidas alcohólicas. Érguese cedo e mantén constante ac-tividade durante toda a xornada denantes de se retirar a descansar ó hotel onde se hospeda. Baixo de estatura, delgado e perfectamente rasurado, con traxe gris, camisa branca impecable e garabata oscura, aparenta dez anos menos dos que ten. «Á miña idade, outros din que xa son vellos; eu creo que non estou vello. A saúde -aconsella- débese coidar. Abondo temos con aturar as enfermidades e accidentes alleos á propia vontade. Os fumadores son uns suicidas».

Tiñamos oído que el herdara os bens do seu tío e que, á súa vez, testara a favor dos sobriños. A resposta foi rápida: «¿Por que razón deben ser os herdeiros os familiares precisamente? O correcto é vender. A Granxa de Arxeriz, de Robra-Outeiro de Rei, vendina a dous sobriños e a Larsa que na década dos cincuenta, acordamos que fora para os meus irmáns. O meu tío axudome e orientoume dándome facilidades na compra de fincas. Non é certo que mas regalara. El fixo importantes donacións ós concellos de O Saviñao e Monforte. A súa dona renunciou ós usufrutos e eu axudei a vender e paguei hipotecas. As casas de Arxeriz, Lamaquebrada e outras propiedades non foron herencia. Merqueinas e agora a de Arxeriz vendina a Pepiño Soto, único sobriño que naceu naquela casa. Canto se fala -puntualiza o industrial chantadino- a maioría das veces non corresponde á realidade».

XAIME DELGADO GÓMEZ,

unha vida de adicación a investigación arqueolóxica

A mensaxe da iconografía

Para interpreta-la arqueoloxía paleocristiá é mester, como nos di o investigador lugués Xaime Delgado Gómez, (Castelo-Taboada, 1933), "bucear na problemática e na lóxica da Historia". É imprescindible situarse no tempo e nas circunstancias nas que se desenvolveron os artistas daquela época.

Estas consideracións, aplicables tamén ó románico no terreo científico cando só nos podemos valer da materialidade exclusivamente iconográfica, acláraas o profesor Delgado na publicación "Un tetramorfos en Eiré (Lugo) extraordinario "unicum" románico", editado polo Instituto Diego Velázquez do C.S.I.C. Nela fálanos da evolución das catro figuras do Apocalipse de San Xoán, nas que o evanxelista evoca ó profeta Ezequiel: o león, o touro, o home e a aguia, que aparecen entorno á Cruz Invicta no século IV, a carón do rostro de Cristo máis tarde, e, xa no século VI e posteriormente, nas catro figuras de Marcos, Lucas, Mateo e Xoán como podemos ver en San Miguel de Eiré. "A mensaxe da iconografía —dinos Xaime Delgado— foi plasmada por unhas esixencias concretísimas e unhas fortísimas vivencias de fe nun mundo contrastante. Os cristiáns das catacumbas —continúa co seu xeito didáctico de contar— servíronse e ennobreceron a iconografía pagá para non seren descubertos. Así, o Bo Pastor, a paloma, a áncora, o peixe, a palma, etcétera, son símbolos que aparecen nas primeiras representacións cristiáns de Roma. Máis adiante, segundo testemuño de Tertuliano (+220) e de Orígenes (+ 254) os cristiáns, considerados tan fóra da Lei coma o son hoxe os ladróns e criminais, empregaban o signo Tau para daren testemuño da súa fe en perigo, xa que os pagáns desconocían o seu significado. A partir do século III xurdiu a temática exclusivamente cristiá e, trala promulgación polo emperador Constantino do Edicto de Milán de 313, comenza un auténtico estado de privilexio para os seguidores do Nazareno".

Non é sempre doado comprender esta mensaxe se non se penetra no mundo que pretendemos estudar, por iso puntualiza: "Soamente profundando na Historia poderemos coñece-lo "porqué" de cada cousa, "porqué" que non é máis que a expresión representativa

dun ambiente histórico e das causas que fixeron nacer tales monumentos".

Arqueoloxía Cristián en Temes

Un dos traballos máis importantes de Xaime Delgado é o titulado "Tapa del sarcófago paleocristiano en Santa María de Temes, Carballedo, Lugo (España)", tese da súa licenciatura en Arqueoloxía, que estudiou no Pontificio Instituto de Arqueoloxía Cristiá, da Cidade Eterna, e que foi publicada na "Revista di Archeología Cristiana" (Roma, 1976). Á devandita tese seguiron, entre outros traballos, a comunicación ó XV Congreso Nacional de Arqueoloxía "El complejo de Temes; ¿un monumento paleocristiano?", "La paloma en la iconografía paleocristiana y su aparición en el monumento de Santa María de Temes" (Boletín Auriense, IX (1979), "El apellido Temes", inserto no Boletín da Comisión Provincial de Monumentos del Lugo, e "Unha ara aos Lares Viales no conxunto arqueolóxico de Temes (Carballedo-Lugo)", en colaboración con Nicandro Ares e Felipe Arias, traballos nos que fai estudos, poderíamos dicir, exhaustivos do sarcófago de factura romana datado no século IV; de catro capiteis; dunha pomba grabada e unha palma incisa en pedras graníticas. Xaime Delgado recolle ademais a tradición, transmitida polo P. Gándara, de que o apelido Temes provén dun tal Marcelo romano que emparentou coa familia Temes. Dos seus estudos tira a seguinte conclusión: "Parece lóxico que en Temes, primeiro, houbo un mausoleo nun oratorio do século IV e, máis tarde, un templo visigótico, segundo inscrición do século IX empotrada no muro norte da nave. O material de ámbalas dúas fases aproveitouse para a reedificación do templo actual no ano 1776".

O se referir á importancia do consunto monumental, dinos: "É de sumo interese porque nas pezas de arte que se conservan está enraizada a nosa fe, a nosa propia cultura e mesmo o noso modo de sermos. A mensaxe teolóxica, litúrxica, haxiográfica, mística e a netamente cultural destes monumentos, foi concretada neles por unhas fortísimas vivencias de fe cristiá. Temes ten o honor de presenta-las probas arqueolóxicas cristiás máis antigas de Galicia".

A Crucifixión de O Incio

O crego lugués publicou recentemente "La Crucifixión de la Iglesia de Hospital do Incio —una muestra de arte indígena paleocristiana de Galicia" (1987). O extraordinario achádego apareceu durante as obras de restauración que se están a facer naquel templo

declarado Monumento Histórico Artístico. Trátase dunha pedra caliza na que aparece unha cruz de brazos case iguais con forma de cuña. Na cruz está a figura de Cristo. Viste longas faldas e a carón del hai dúas figuras, unha medio postrada, e outra coas mans en alto. Sobre a cruz, á dereita, hai un busto do sol e, á esquerda, o da lúa. Tan extraordinario achádego dalle oportunidade ó arqueólogo para explica-la evolución do tema da cruz, que apareceu na primeira época constantiniana (anteriormente atopábase simbolizada pola letra Tau), ata chegar ó crucifixo, a primeira mostra do cal é do século V e atópase en Santa Sabina, en Roma.

A Crucifixión de O Incio dátaa Xaime Delgado do século VI e reafirmao na súa anterior hipótese sobre o Crismón de A Hermida. "O Crismón (s. IV), co seu gran perfeccionismo técnico e coa súa inscrición poética —explícanos— é considerado un "unicum" na súa especie. A Crucifixión de O Incio, inda que inferior en calidade artística, é unha extraordinaria primicia temática". E engade: "San Pedro Félix de O Incio, necesariamente, ten unha antiquísima historia cristiá que xurdiu dun interesante núcleo romanizado, A Hermida, onde seguramente había unha "domus ecclesiae" propiedade dun cristián romano. Esta debeu dar orixe á "domus ecclesiae" de O Incio que controlaba as canteiras de mármore. A tapa do sarcófago de Temes, feito en Roma entre os anos 315-325, o Crismón e a Crucifixión —suliña o investigador lugués— son probas evidentes de que o Conventus Iurídicus Lucus-Augusti foi un foco de atención prioritaria para os misioneiros da evanxelización".

Obxectivo fundamental

En "La Biblia en la Iconografía pétre lucense" o amigo Xaime Delgado estudia a orixinal escena de Cristo azoutado ante Pilato dun capitel da igrexa de Santiago de Barbadelo. Fai unha minuciosa descripción iconográfica e explica a súa orixe bíblica, temática moi abundosa na Baixa Idade Media. "A escena dos azoutes —dinos— non se representou nunca na arte paleocristiá, quizabes porque, antigamente, parecíalles inconcebible que un Deus puidera padecer, o cal provocou a herexía do docetismo, que propugnaba que Cristo tomara corpo aparente, non real". O dito capitel considérao como o máis antigo de cantos tratan esta pasaxe da Paixón, xunto á escena que se atopa na Porta das Praterías de Santiago.

No Boletín Auriense, ó tratar do tímpano de Serantes, aproveita para explica-la orixe e a evolución dos sarcófagos con Cruz Invicta, tema que xurdiu na iconografía cristiá a partir

da Paz Constantiniana, durante a cal empezáronse a aplicar a Cristo ideas de exaltación e grandeza imperial. O arqueólogo, familiarizado coa arte antiga, pois el visitou "in situ" moitas obras en diferentes cidades e museos, chega á conclusión de que, no devandito tímpano do século XII, aínda está vivo o simbolismo primitivo paleocristián.

Esta afirmación repítese con claridade en "El singularísimo tímpano de Betán (Orense)", separata do Archivo Español de Arte, onde argumenta: "O obxectivo fundamental da investigación é poder segui-las raíces do feito que se estudia ata dar coa súa orixe... sucede algo así coma co embrión humano. Neste atópase toda unha diversa potencialidade que se vai manifestando ó longo da vida, nunha constante transformación evolutiva". Coma en Barbadelo e Serantes, no tímpano de San Martín de Betán dase tamén unha orixinal e curiosa escena, esculpida quizais no protogótico, pero, como acertadamente proba o atento investigador, "está precedida dun curioso proceso evolutivo, tanto na súa iconografía como na súa iconoloxía".

Necesidade dun libro

Xaime Delgado Gómez fixo abondosos estudos especializados de sartegos, aras romanas, relevés, pantocrátores e mesmo de retábulos en revistas técnicas e nuns douscentos artigos divulgativos científico-periodísticos, como os trintecinco derradeiros publicados en El Progreso co título "La catedral de Lugo en su historia y en su arte". Tan interesantísimo labor é merecen te de ser recoñecido publicamente. A maneira, pensamos nós, dese público recoñecemento sería que un organismo oficial ¿quen mellor cá Deputación pois conta con medios técnicos e experiencia? recollera nun volume tan importantes froitos de pesquisa continuada, adicación ilusionada e altruismo dignificante dun científico que se entrega de cheo á súa vocación ensinando, a través da arqueoloxía, a mensaxe cristiá manifestada en diferentes épocas. A recopilación de tantas follas voandeiras espalladas en xornais e revistas facilitaríaa lectura a especialistas e mesmo a curiosos. Dada a súa prosa dialéctica e amena, estamos seguros, Xaime Delgado fomentaría vocacións de novos e afervoados investigadores.

Asesor cultural do Patrimonio Artístico, Arqueolóxico e Histórico de Lugo, profesor no Seminario, de Historia das Civilizacións, Historia da Arte e Arqueoloxía Cristiá; conferenciante e colaborador en ponencias de congresos celebrados en Roma, Tesalónica, Lyon, Ginebra, Grenoble, Aosta... Xaime Delgado é un dos mellores intérpretes do paleocristianismo a través da arqueoloxía, sempre a traballar con rigor científico, respetuoso coas teses alleas e coas opinións doutros autores que cita profusamente, humilde cando se

recoñece impotente para "ler" a mensaxe encerrada nun grabado, e rotundo cando está seguro de ter interpretado ben os símbolos insculturados por anónimos artistas.

Praza Maior, Lugo 24 agosto 1988

MANUEL DE RIVAS REIJA

ostenta seis títulos nobiliarios e varios académicos

Non fai uso da súa fidalguía en España para non pagar ó fisco

Manuel de Rivas Reija, un lucense que ten no seu poder 6 títulos nobiliarios e 18 blasóns, é un estudioso da Heráldica, a Xenealoxía e a Nobiliaria. Reside na capital da provincia, pero non ostenta oficialmente ningunha das distincións en España, porque por cada unha delas tería que pagar o fisco medio millón de pesetas. Usaos en Latinoamérica e en Italia, onde non ten que facer desembolsos tan importantes. Ademais conseguiu varios títulos académicos de distintas disciplinas e é un grande conecedor de arquivos, bibliotecas de pazos e igrexas e de casas grandes.

Do mesmo xeito que en Europa existe a Universidade Europea para postgraduados con sede en Florencia, no Novo Continente radican a Universidade Interamericana de Ciencias Humanísticas, na que se poden cursar tódalas disciplinas agás Medicina, e a Universidade Imperial Greco-Bizantina, fundada en Madrid no ano 1950 e, na actualidade, instalada en Caracas. D. Manuel de Rivas Reija, senador da Alta Cámara do Parlamento Mundial para a Seguridade e a Paz, dende o 10 de febreiro deste ano, acadou a maioría dos doutorados e títulos académicos nas devanditas universidades. Todos están recoñecidos e legalizados e só falta lexitalos polo Ministerio de Asuntos Exteriores do Goberno Español.

A licenciatura en Dereito, sen embargo, conseguíuna en Madrid, na Universidade Nacional de Estudios a Distancia, título que convalidou, ademais, na Universidade Interamericana de Ciencias Humanísticas.

—¿A qué se debe o seu interese por tantos títulos académicos?

—Son un curioso do saber enciclopédico: abarcar moito sin apretar nada. Derramei as forzas sen centralas nunha soa disciplina porque me interesa saber algo de todo.

Manuel de Rivas Reija é ademais un incansable viaxeiro

Don Manuel é home gustante de ameniza-la conversa con recursos humorísticos e engade: «Este é o oficio de Pericón, que ten moitos e ningún é bo».

Fidalguía

—¿Dende cando a súa afección polas ciencias xenealóxicas, heráldicas e nobiliarias?

—Dende neno. Na miña casa había escudos que para min eran verdadeiramente enigmas. Consegúin interpretalos a forza de adicar moitas horas ó estudio. Tanto o meu pai coma o meu avó eran arquivos do saber, homes de memoria prodixiosa. Eles foron quen me iniciaron nos antecedentes de nobreza e fidalguía dos meus antepasados, que data de 1400. Un Gonzalo de Riva de Neira é o patricio documental de Santa María de Piñeiro, de Póboa de Adai. Os seus sucesores enlazaron con varias linaxes de Santa Comba, de Lugo, e, hoxe en día, eu son o lexítimo herdeiro por ser o maior de cinco irmáns.

O noso biografiado naceu na Torre de San Xuliao de Chamoso —no Nadal do 28—, hoxe en ruínas. Na actualidade vive en Lugo capital e os días de semana pásaos nun chalé en Fonteita (O Corgo), onde conserva dezaoito blasóns testemuños da nobreza da súa linaxe. Móstranos a certificación xenealóxica do Libro de Defuncións, folio 65, da parroquia de San Andrés de Castro (Conturiz) e a Real Executoria de Nobres, que abarca dezaseis xeneraciónes ata chegar ó seu pai, don Xosé Antonio Rivas Varela Méndez e Gómez. Na novena xeneración atopámonos con don Anxel de Riba López de Neira, irmán de dona Antonia Riba (1670), princesa de Santa Rosolea, título que prescribiu ó non ser vigorizado dentro das catro últimas xeneracións, segundo establece o decreto de 21 de Marzal do 80.

«Para establece-la liña dos Rivas de Neira e aliados —dinos— estudiei Xenealoxía, Heráldica e Nobiliaria na Escola Salazar y Castro, do Consello Superior de Investigacións Científicas. Na Real Chancillería de Valiadolid investiguei, comprobei e completei as executorias de fidalguía e nobreza dos meus antepasados e alí descubrín a sentenza, datada no 11 do sete de 1511, de confirmación de tales dereitos polo rei Fernando o Católico a favor de Rodrigo de Riva e os seus antepasados».

O Dereito Nobiliario

O resultado das investigacións de don Manuel de Rivas Reija é a contiosa

documentación que posúe acreditativa da nobreza, non titulada, e dos privilexios dos Rivas de Neira, que foron abolidos pola Ley de 1836 e pola xa citada de 21 de Marzal do 80, «unha Lei —afirma— nula, xa que o Dereito Nobiliario é imprescriptible e non se pode perder nin se pode embargar por ser de otorgamento real».

Unha forma indirecta de recuperar tales títulos é que os conceda e convalide un rei ou príncipe ben sexa exiliado, ben sexa estranxeiro. De Rivas Reija, polos seus traballos de investigación e polos seus servicios ás dúas dinastías cantábricas, foi confirmado como Príncipe de Santa Rosolea polo rei Zenón V, quen o nomeu, ademais, Príncipe de Ribagorza, Conde Duque da Casa de Rivas de Neira, Marqués de Rivas Reija, Conde Rivas Reija e Duque de Villamartín, segundo documento otorgado polo devandito rei o 30 do oito do 1987. Ditos títulos osténtaos don Manuel en Sudamérica e Italia, países que teñen tratado diplomático co rei Zenón V. En España non os pode ostentar oficialmente por resultaren carísimos os dereitos de uso.

«Usar un título no noso país —explícanos— conleva pagar un imposto de medio millón e, a verdade, non beneficia nada. O prestixio da persoa é o que queira da-la sociedade. Por exemplo: o Marqués de Santas —engade humorísticamente— era moi esixente no cobro dos seus dereitos, e os contribuíntes chamábanlle «O Marqués de Santanás» e tivo que cambia-lo título polo de Marqués de Vilaverde de Limia. Eu —continúa namentras nos vai mostrando os nomeamentos— non contaba cos títulos que me otorgou Zenón V e acepteiños por cortesía. Hai quen os agradece moito pero iso non dá de comer nin rentas. O contrario, son un chapadiñeiro porque a súa aceptación conleva o pago de importantes cantidades para o sostenemento da Real Casa que os concede».

Un «rato» de biblioteca con varios traballos inéditos

Don Manuel ten publicado moitos traballos en diversos xornais e revistas. Non acouga a pesar da grave enfermidade que lle empece a miúdo o seu labor. Sempre o atopamos inmerso na súa abastada biblioteca. Segundo podemos ver polas súas obras, inéditas case na totalidade, pasou os mellores anos da súa vida viaxando, incluso ó estranxeiro, para investigar arquivos e estudar «in situ» vellos papéis. Da provincia de Lugo, especialmente, coñece a práctica totalidade das documentacións de pazos, igrexas, bibliotecas e casas grandes. Os libros «Tesis Doctoral de los Hijos del Reino de Galicia desde el siglo VIII hasta nuestros días», «Derecho Nobiliario Europeo Comparado» e «Tesis de Derecho Nobiliario» están en poder da Consellería de Cultura, da Xunta de Galicia, que se comprometeu a publicalos hai

máis de catro anos. A biografía de Su Alteza Imperial, Don Eugenio II, que foi electo á Corona de Grecia, xa está no prelo. Pero, ademais, ten para publicar «Historia del Condado de Chamoso», en catro tomos, e «Genealogía de los Rivas de Neira y sus alidos», traballos ós que se entregou plenamente e que fican inéditos en caixóns de vellos armarios de nobre madeira. A súa publicación sería, coido eu, o maior honor de cantos se lle poden tributar ó amigo Manuel de Rivas Reija e Riva de Neira.

La Voz de Galicia, domingo, 1 de septiembre de 1988

IOLANDA DÍAZ

pregoeira dos festexos, é presidenta de «O Penedo-Fogar Galego» de Barcelona

Estuvo 25 anos no Uruguay

Coñecín a Iolanda Díaz Gallego fai dez anos en Hospitalet de Llobregat (Barcelona) no local social do «Grupo Castelao», onde se estaban a celebrar unhas xornadas adicadas ó esgrevio rianxeiro. Presentounos Basilio Losada Castro, que fixo grandes eloxios da súa actividade galeguista en Montevideo, da que él era sabedor por ter pronunciado alí varias conferencias, invitado polo Patronato da Cultura Galega. Dende entón os nosos encontros, coincidencias e citacións foron moitísimos e as causas varias: conferencias, presentación de libros, emisións de radio, recitais poéticos e actos oficiais. O 17 de xuño de 1983, cando a peña «O Penedo» se transfor mou na sociedade «O Penedo Fogar Galego», Iolanda Díaz foi aclamada presidenta por unanimidade e dixo: «Estou aquí para defende-la nosa terra, sobre todo a nosa cultura, e coa colaboración de todos espero levar a termo cousas que nos honren a tódolos galegos e que sexan honra de Galicia».

Gran admiradora de Castelao defíneo como «un gran observador cheo de conviccións galeguistas que se adentrou nas raíces moleculares da nosa raza e por iso a súa obra fíxose universal». Por riba das loitas políticas, Iolanda postula unha Galicia «sen distinción de grupos nin ideais». O seu anxeio é que os galegos «sexan tolerantes dentro dun pluralismo e que procuren fortes vencellos de irmandade para traballar por Galicia».

Iolanda Díaz Gallego, con seu home Xosé Luis Rodríguez Souto, uruguaio de orixe galego, e cos seus fillos, Xosé Luis e Suevia, voltou a España no 1978 fixando a súa

residencia en Barcelona, onde como dixen, está a facer un gran labor cultural a prol que a nomeou primeira pro-secretaria. Como recoñecemento o Patronato de Cultura Galega de Montevideo concedulle no ano 1980 a «Vieira», máxima distinción da entidade.

Infancia e xuventude

A nosa biografiada naceu en Sarria en 1934 no seo dunha familia propietaria dunha tenda de ultramarinos e casa de comidas. Cando tiña catro anos, o seu pai foi á guerra, da que non voltou, e Iolanda medrou á beira de súa nai, que non escatimou esforzos económicos para a educación dos tres fillos. O seu carón asumiu responsabilidades, empezou a practicar «relacións públicas», facía as contas, cumpría trámites para as provisións de «racionamiento», atendía os pedidos e os pagos dos maioristas «Casa de Vento», «Don Xermán», «Cortiñas» e «Zaera», ó tempo que estudiaba música, bordado, idiomas e peritaxe mercantil. Os 18 anos puxo escla en Río (Láncara) e os 19 emigrou a Uruguay.

«Na benquerida vila de Sarria -dinos- tiven unha nenez e unha mocidade moi felices. Xoguei, subín ás árbores da “Unión” ou da horta de Saco para furtar mazas, fixen teatro ós nove anos cun grupiño que se artellou no convento dos Mercedarios e representamos no cine Barbagelada e nun teatro de Monforte. Actuaban, entre outros, María Esther Portela, que está hoxe na televisión en Madrid; Nelly e Paloma, unha en Andalucía e outra en Ourense; María Teresa López Rubín, que é monxa mercedaria; Araceli, residente en México; e Anuncita, xa finada. O mercedario, pai Tomás, valenciano, que nos chamba 'chiquetes' asinounos a cantiga 'Dous amores'. Aquelo sóbome a mel e a nosa lingua botou raíces en min».

Ós quince anos facía teatro no Cissa, baixo a dirección de Antoñito Moreno e don Esteban, xefe da estación. Xa pasara pola escola de Don Arturo e a súa muller, dona María Teresa; pola de dona Lola, do Sindicato; e pola Academia Comercial, don Luis Moreno. «Nas tres -explícanos tal se foran feitos recentes- tiven bos amigos: as Maruxas (de Robles e Ibáñez e Manolito de Castro (Sobrado), que non voltei a ver pero non esquecín o seu sorriso ó tempo que chuscaba os ollos; dona Lola (cun baúl cheo de figuras para o nacemento de nadal); Eva, Olga, os irmáns López Rubín; Uxío (a quen chamamos Genín), hoxe presidente da comisión de festas, o Xosé e o Ramón (bispo no Brasil), Matilde Castaño, Julita, Luisa, Isabel Kappler, o actual alcalde, Arturo Corral, e Antonio Díaz Fuentes, que se nos engadía cando 'latabamos' á escola e íamos ás aceñas ou ó monte de Santa Cristina».

Fundadora do Teatro Galego de Montevideo

Inqueda, optimista, chea de saúde e cunhas arelas intuidas de triunfar, en Montevideo, empezou Letras na Facultade de Humanidades e cursou tres anos de Historia da Arte e Decoración de Interiores, italiano e inglés. Dende a súa chegada a Sudamérica, traballou con entusiasmo nas sociedades de emigrantes galegos e, durante os 25 anos que residiu en Montevideo, colaborou na emisión radiofónica en lingua galega «Sempre en Galiza».

Foi fundadora do Teatro Galego de Montevideo e primeira actriz. Deu charlas, recitais de poemas e pronunciou conferencias no Teatro Solís, nos diversos centros galegos. Asistiu como representante das «Mocidades Galegas» de Uruguay ós congresos da emigración celebrados en Buenos Aires. Ordenou e corrixeu as probas de publicación de «Historia de Galicia» de Otero Pedrayo, editada en Uruguay. Pero o labor máis importante levouno a cabo no Patronato da Cultura Galega. Durante trece anos foi secretaria xeral e membro de diferentes comisións de traballo. Tamén impartiu clases de Historia de Galicia e, como representante da devandita entidade e do programa «Sempre en Galiza»

La Voz de Galicia, xoves, 23 de xuño de 1988

XULIO GIZ

prefire publicar os traballos premiados nos concursos literarios

É secretario pertetuo dos certamens na vila

O villalbés, Xulio Giz Ramil, casi secretario perpetuo dos Certamens literarios desta vila, aboga pola publicación de todos os traballos premiados nos mesmos. Trátase dun proxecto que xa se plantexou en varias ocasións, pero parece que as trabas económicas foron quen o impediron hasta agora. Onte, precisamente, as festas maiores de Villalba abríronse co acto de entrega dos premios do Certamen. «Cónstame o interés do Concello por esta publicación e confío que poida ser realidade, moi axiña», dixo o secretario dos certames.

Xulio Giz Ramil, licenciado en Ciencias da Información, un dos pioneiros de Radio Popular de Lugo, premio a nivel internacional en diferentes ocasións polos seus traballos na radio, autor, en colaboración con Marcial González Vigo, de «El dios de Roma que lloró por

Lugo», «Salou novia del mar», «Medio cento de galegos e Rosalía», e dos traballos literarios «Os poetas de Villalba» e «Galicia...pobo a pobo», por enésima vez volve a ser noticia, esta vez co gallo do Certame Literario de Vilalba.

-¿Cal é a orixe do Certam Literario de Villalba?

-Este Certame Literario convocado polo Concello de Villalba é continuador do que se chamaba «Certame Literario da Terra Chá» no que colaboraban tódolos concellos da comarca. Rematada aquela primeira fase, o concello da capitalidade seguiu en solitario con esta convocatoria dun xeito verdaderamente exemplar, porque evidencia unha vocación cultural superando atrancos económicos que supoño, son abondosos.

-Estas certames xa son tradición, logo...

-Villalba tivo sempre un afán cultural manifestado a través das súas institucións ou de destacados persoeiros. A existencia de numerosos periódicos ó longo dos anos, un conxunto de destacados poetas e, en xeral, o ambiente cultural da vila son unha esixencia para seguir adiante. Catorce anos ininterrumpidos, máis a organización dos anteriores certames da Terra Chá, verdadeiramente, xa son unha tradición.

Denominacións

-¿A qué obedecen as diferentes denominacións dos diversos premios?

-Un dos acertos do Certame Literario é honrar cada ano a destacados villalbeses no eido das Letras. Serve de ocasión para lembrar a Manuel Mato Vizoso, Xosé María Chao Ledo, Xosé Luis García Mato, Antonio García Hermida e Carmina Prieto Rouco, historiadores e poetas que na súa obra, á parte de gran calidade, quedou patente un profundo amor a Villalba e as súas xentes. Deste xeito demostrase que o noso pobo é agradecido.

-Poderíase dicir que é secretario perpetuo do Certame Literario, ¿non si?

-Pola miña parte nunca faltará a miña colaboración co Concello de Villalba nesta ou en calquera das actividades culturais que organice. A fin de contas son villalbés e síntome vencellado a todo o labor cultural da miña terra. Hai arredor de doce anos que veño desempeñando este cometido e, repito, estou moi gostoso de facelo.

-¿Poesía?, ¿Historia? ¿Cal é o tema preferido polo xurado?

-Os dous. A poesía ten unha longa tradición en Vilalba e o Certame Literario contribúe a que esa tradición perviva premiando ós novos valores poéticos, per tamén procura que os creadores de toda Galicia e aínda do estado consideren Villalba algo máis que un punto de referencia e teñen aquí un estímulo para a súa creación literaria.

-¿E en canto á prosa?

-O premio está destinado especialmente a fomenta-la investigación referente a Villalba nos máis diversos campos da cultura: a música, o folclore, as tradicións, os monumentos...

-Tamén hai premios para mozos e nenos

-Estos merecen mención especial xa que, respondendo á convocatoria, algúns colexios, suscitan que os alumnos pensen na poesía e fagan poesía. Os resultados son sempre dignos de eloxio, cunha grande frescura na profunda carga poética e é de agardar que, deste xeito, poida xurdir un continuador da escola poética de Vilallba.

-¿Pensouse en recopilar tantos traballos premiados ó longo dos anos?

-Esa idea xurdiu nunha xuntanza que tivemos hai tempo e se aínda non se levou a cabo foi por cuestións económicas. Certamente non convén deixar no esquecemento os traballos que o xurado considerou sobranceiros. En efecto, unha escolma da poesía infantil, coma a de maiores, sería moi interesante para ve-la evolución deste Certame Literario, para conservar memoria e espalla-la mensaxe poética froito das diversas convocatorias. Polo que a prosa se refire, se cadra, é máis urxente tendo en conta que varios dos premios corresponderon a traballos de Xosé Luis García Mato, xa desaparecido. Ó seren tan variados os temas tratados no apartado de prosa, a súa publicación daríanos un extenso panorama histórico-cultural de Villalba e da Terra Chá. Cónstame o interese do Concello por esta publicación e confío que poida ser realidade moi axiña.

La Voz de Galicia, jueves, 15 de setembro de 1988

AURORA CARRO

reconoce que a muller galega tenlle medo a política

A Asociación de Viúvas pretende unha sede propia para as súas asociadas

«A Asociación de Viúvas de Lugo nunca morrerá», dixo a súa presidenta, a lucense Aurora Carro ó pasar revista a unha serie de problemas que afectan a este colectivo, para deixar constancia de que «a nosa ilusión é conseguir unha sede propia e temos fe de que o lograremos porque contamos con moi bos colaboradores». Tampouco debe pasar desapercibida a opinión de Aurora Carro sobre a muller galega, ó dicir que «Galicia sempre

foi un matriarcado e sen embargo qué medo lle temos á política, a intervir na vida pública».

Viúva de Luis González Aguilar, fiscal da Audiencia de Lugo, que morreu en accidente de coche o ano 1974, Aurora Carro foi conscente das súas obrigas e sabía que non podía afundirse. «O meu deber -dinos- era seguir cos fillos adiante. Eles nunca me viron chorar inda que sufrín moito. Pero, coa axuda dos meus irmáns, dos amigos e do capelán, Edelmiro Ulloa, que se comportaron connigo fabulosamente, saín adiante».

Aurora tiña que solucionar os problemas do seu fogar e solicitou unha expendidura de tabacos e conseguiu a adxudicación, destacando axiña entre os seus compañeiros, que elixírona presidenta da Asociación de Expendedores da provincia de Lugo, o cal ocúpalle moitas horas. Sen embargo, gracias á súa gran capacidade de traballo, apoiada por Edelmiro, organizou unha Asociación de Viúvas, inqueda pola problemática social de tan numeroso colectivo. «Eu -cóntanos- non sabía da existencia de entidades deste tipo ata que me enteei en Córdoba. Púxenme en contacto con outras sociedades e, hoxe, ós trece anos daquela iniciativa, xa temos 380 socias en Lugo capital e varias asociacións na provincia, totalizando unhas 4.000 asociadas entre viúvas, solteiras con fillos, divorciadas e separadas que aportan unha mínima cuota mensual».

As diferentes asociacións coordinan actos de tipo socio-cultural-benéfico, preocúpanse polas mulleres e os nenos que son obxeto de malos tratos, organizan conferencias dictadas por Ramón Piñeiro, Alonso Montero, Fernando García Agudín, Marino Donega, o doutor Rafael Vieito, entre outros-, programan concertos para a xuventude, promoven excursións culturais e fan chega-la súa voz á Administración argumentando sempre as peticións de acordo coa Constitución. Como logros principais está o feito de que os fillos en «paro» poidan seguir como beneficiarios da Seguridade Social ata os 26 anos, que as nais viúvas con tres fillos teñan os beneficios de familia numerosa e que as viúvas de militares da República conseguirán pensión. Esperan acadar que as súas pensións teñan deducción como rendimento de traballo, que se recoñoza á viúva con fillos como unidade familiar e que se amplíe ós 21 anos o subsidio de orfandade.

Amor propio

A nosa biografiada foi reelegida para un terceiro mandato como presidenta da Asociación de Viúvas de Galicia, cargo que ostenta dende a creación do Estado das Autonomías. Con seguridade en si mesma, afirma; «Cando me comprometo a algo teño por norma cumprir. Son responsable por amor propio e, porque vin a morte de preto, loito para

que non morra naide ó meu redor. Se aceptei foi para saír adiante. A Asociación de Viúvas de Lugo nunca mo-rrerá». E engade: «Constituíse nunha assemblea de 30 viúvas celebrado no salón de actos do Seminario. Sempre atopamos gran comprensión nos estamentos oficiais e particulares; Caixa de Aforros, primeiro, logo as monxas Salesas e agora o Goberno Civil, que nos cedeu un local na antiga Casa Sindical para a nosas actividades. Mais a nosa ilusión é conseguir unha sede propia e temos fe de que o lograremos porque contamos con moi bos colaboradores. A gloria endexamais é dunha persoa, sempre é dun equipo».

Os Carro-Páramo están vencellados á política do Estado e da Comunidade Autónoma de Galicia. «Somos unha familia moi unida -díxonos Aurora Carro- e formamos unha piña, un pouco clan quizabes. Non é de extrañar, logo, que a sinta no sangue». «Agradaríame -engadeu- estar no Parlamento, non por unha ideoloxía, senón para loitar contra as inxusticias. Vivo feitos sangüentos e tremendos dende a base e teño mester dun micrófono na man para berrar. As mulleres debemos integrarnos politicamente para reivindicar os nosos dereitos. No Congreso non se pensa na terceira idade, na muller e no neno. Moitas leis non se levan á práctica e, sexa pola que sexa, case sempre dan a razón ó home».

Cavila uns intres e argumenta: «É curioso. Galicia sempre foi un matriarcado e sen embargo qué medo lle temos á política, a intervir na vida pública. A muller galega xamais fixo o ridículo e temos un especial exemplo en Concepción Arenal. Algúns din que son idealista pero non hai duda que, con 20 ou 30 parlamentarios, conseguiríamos facer oí-las nosas razóns en toda España».

Non sería completa esta breve semblanza se non faláramos da súa vida no fogar, das súas afeccións, dous seus desexos. A súa maior regalía sempre foi atender á formación dos fillos -aínda ten dous en idade escolar- e ela mesma lles supervisa os estudos.

O Galego na escola

Os contados intres de vagar Aurora Carro Páramo adícaos ó cine, á lectura de autores rusos e a escoitar ópera. Para a súa maior afección son as viaxes. Tampouco pasou por alto outras situacións de Galicia. «O que non podo tolerar é que se utilice a bandera da lingua e do galguismo para facer política. «Eu -continúa recalcando- sinto Galicia como se a houbera parido e horrorízame a reacción dos nenos castelán-parlantes pola imposición desaxeitada do galego na escola. Primeiro debíaseles ensinar a falar a lingua que nos prohibiron na infancia, familiarizándonos con ela a través do folclore e dos nosos poetas. Despois, adprenderlles a escritura e, conseguido isto, estudia-la gramática, a imposición actual, ¿non será unha

maquiavélica manioobra contra Galicia?». Esta e unha opinión de Aurora Carro, que recorda a súa xuventude como unha etapa lonxana, inserta nunha xeneración nefasta para a muller. «Téñolle terror -confesa- á mentalidade daquela época. Cando rematei o bacharelato nas «Josefinas», non se me prantexou outra opción».

La Voz de Galicia, Xoves 15 Setembro 1988

LUIS FERREIRO PEINÓ

Coñecín ó escultor Luis Ferreiro Peinó o día da presentación do libro «Lugo Blues», de Claudio Rodríguez Fer, na «VII Semana Bibliográfica 1987 - Roma Lugo», cando o poeta fixo referencia ó artista que tamén asistía ó acto.

Vira algunhas das súas obras: «Mariñeiro coa familia», «Valle Inclán», «Frade» e «Escudo de Lugo», adquiridas polo Concello da Cidade do Sacramento: «Tolleito», que se pode admirar no Museo Provincial; un «Cristo», diando cal prestan xuramento os Cabaleiros da Alquitara de Portomarín; «Sede», que está no museo de Ourense, e poucas máis, como outro «Valle Inclán», de gran forza expresiva, propiedade dun común amigo. Coñecía, tamén, o laudatorio poema de Xabier Rodríguez Barrio «Salmo enteiro para Luis Peinó» e lera moitas reseñas e críticas sobre a súa produción, pero non o coñecía personalmente.

Luis Ferreiro Peinó é artista por natureza. Realízase plasmando os seus soños en barro para reproducilos en toros de carballo ou castiñeiro, nobres madeiras do país galego que el leva crabuñado na alma e que lle inspirou temas tan nosos como «Emigración», «Prá Feira», «Retranca», «Romeira»... ademais doutros que poderíamos definir de temática universal como «Nai e Filio», «O Bico», «Seducción»...

Un mundo onírico na friaxe do chan

No seu minúsculo obradoiro na rúa Calvo Sotelo, a carón da vetusta muralla romana, sen apenas espacio físico para se revolver, encóntrase ditoso e amóstranos con dificultade as obras amoreadas, que el colle amorosiñamente para que as poidamos contemplar, e, logo, volve a colocalas amodo como se ternera mancalas.

Das paredes penduran unha chea de anacos de prensa que, penso eu, deben ser a regalía daquel variado mundo onírico que esquécense da friaxe do chan ó ler a Xosé Trapero Pardo: «Peinó arráncalle ós toros informes o seu segredo coa gubia e o mazo, unha arte viva ben sexa nun rostro arado polas enrugadas do tempo, ben na curva chea de tenrura dunha maternidade ou no xesto acedo dun colérico». Tamén deben estar fachendosos co que escribe Xesús Parga: «A xente lembrará no futuro que nun recanto de Lugo existiu un gran escultor». E sentiranse orgullosos ó ler a Xesús Manuel Valcárcel: «A obra de Peinó é unha das máximas expresións con que contamos». E mesmo choutarán de agradecemento ante o seu creador porque, segundo afirma Xulio Xavier Valcárcel, «vivificou o que antes eran uns troncos mortos».

Lembranzas, exposicións e galardóns

Luis Ferreiro Peinó naceu en Lugo (19-V-21) preto da Porta Nova. Da súa infancia lembra os xogos cos catro irmáns e os amigos no barrio de Abuín; as súas aficións natatorias no lugar onde hoxe disfrutamos das instalacións da praia fluvial, a construción das cales presenciou dende o seu inicio; personaxes populares, como «Tritón Calderetas», que tiña un piso cheo de ferranchos e metais na rúa da Tiñería, ou «Elvira la Loca» á que os rapaces fuxíanlle porque arremetía contra eles... Pero o que máis o marcou foi a guerra civil. «A memoria daquel desastre —afirma— debe borrarse para sempre. Aínda me parece escoitar as descargas duns fusilamentos ás seis da tarde ó pasar pola rúa do Bispo Aguirre. Mellor é non falar».

Despois de varios anos de tallistas nunha empresa, estudou Debuxo co mestre don Rafael Estrada e adicouse a facer escultura «vocación que quizais teña a orixe —dinos— na peluquería do meu pai, onde había catro desagradables cabezas en madeira cos globos oculares sen meniña».

Deuse a coñecer como escultor no ano 1958 e participou na «Feria Internacional del Campo» en Madrid (1962); na «Primera Bienal Nacional de Arte» de Pontevedra (1972); nas bienais rexionais que se celebraron na mesma cidade; nas mostras organizadas pola Aula de Cultura da Universidade de Santiago; nos concursos - exposicións «Maestro Mateo» da Cidade do Apóstol, e noutras cidades e vilas de Galicia. En Lugo tivo gran éxito na exposición individual que presentou na Biblioteca da Deputación Provincial (1968) e no Círculo das Artes (1970). Parte da súa obra, ademais de en Galicia, atópase en museos e coleccións particulares de Cuenca, Madrid, California, Francia, Inglaterra, Alemaña e

Hispanoamérica.

Entre os galardóns máis sobresaíntes que acadou, destacan «Diploma de Honor en la III Feria de Muestras y de Artesanía» (Lugo, 1970), «Mención de Honor en la XVI Exposición Provincial de Artesanía» (Lugo, 1970) e «I Diploma y Primera Medalla en el Concurso Exposición Regional de Artesanía» (Santiago, 1971).

O futuro da arte é imprevisible

No ano 1971, cando xa adquirira gran renome ó longo da súa carreira artística, matriculouse en Artes Aplicadas - Especialidade Cerámica acadando o título de Graduado. Tamén fixo varias viaxes de estudos por España e ó estranxeiro. «Roma, Florencia, Venecia, aqueles palacios, templos e pinturas —suliña recreándose coa súa lembranza— son unha maravilla. E o «Moisés» e a «Pietá», de Miguel Anxo, son fantásticas. Non son obras pechadas nuns cánones clásicos. O artista salientou nelas a anatomía e acentuou certos rasgos para darlles máis forza e orixinalidade. Tamén visitei —engade— o Museo de Arte Contemporáneo de Roma, onde vin cousas moi curiosas. ¿Estou co clásico ou co moderno? Todo é válido. As covas de Altamira son unha catedral da arte prehistórica. Os gregos eran a perfección. Logo caemos no románico e chegamos ó gótico, máis estilizado, en procura das alturas. Parece como se estivesemos a retroceder; pero a arte segue o seu camiño e non sabemos a onde chegará. O futuro é impredecible».

A sociedade non aprecia o labor dos artistas

Ó longo da conversa, Ferreiro Peinó manifestase animoso unhas veces, desesperanzado outras. Amóstranos as súas creacións e síntese satisfeito pero, ó pousalas de novo no chan ou penduralas das paredes, non agacha a súa decepción. «Eu —confésanos— fixen o máis insólito, como converter unha Virxe nun San Xosé, numerosas figuras, tallas, pirografía, escaiola; pero a sociedade non aprecia o labor dos artistas. ¿Por que non hai tallas nin figuras en casas particulares? Porque non valoran a escultura, que é unha creación única, e prefíren mercar chilindradas feitas en serie. Ademais domina a idea —os causantes moitas veces son os críticos— de que os artistas están en París, Londres e New York cando, como é notorio, faise arte arreo. Hai quen usa o bombo e os pratiños —como digo eu— e triunfa. O que non dá concertos non destaca».

Ten razón o amigo Peinó. Tras ver con detenimento a súa abondosa obra,

comprendemos o seu desánimo. Realmente a súa produción acadou uns índices escasos de divulgación en relación á contiosa creatividade». «¿Que fai —pregúntase— que me consideren un dos escultores máis válidos de Galicia, que me comparen con Henry Moore ou que vexan nas miñas creacións influencias de Alberto e de Giacometti ós que non coñecín? O que verdadeiramente anecía calquera artista é a comunicación co público».

Da arte non se pode vivir

Luis Ferreiro Peinó é o único escultor lugués. Ninguén dubida das súas cualidades extraordinarias. É admirado e querido, pero non ocupa o lugar que realmente lle corresponde no eido das artes plásticas. Casado con María Teresa Carballido, e pai dun fillo con inqedanzas artísticas freadas por el porque «da arte non se pode vivir e primeiro é mester asegurar un «modus vivendi», segue a cismar en proxectos e agarda que determinados organismos oficiais lle fagan pedidos aprobados segundo consta en actas.

E incomprendible que non se promocionen valores como Peinó, un artista auténtico, de nós. Unha axeitada política cultural institucional sería organizar mostras antolóxicas dos nosos meirandes creadores. A inversión sería rentable e un xeito de promocionar Galicia. ¿Como é posible, por exemplo, que «Homenaxe a Lucus Augusti», unha talla do mestre feita en nogueira e buxo, na que aparecen o escudo de Lugo, a praza do Campo e a aguia imperial, se encontre agachada nun recuncho cuberta de po? «Unha talla moi evocadora —transcribo as palabras de Ferreiro Peinó— que me deu un traballo do demo pola gran cantidade de pequenos detalles que esculpín superando problemas de visión, que eu coidaba miopía progresiva e que se resolveron cunha doada operación de cataratas».

Praza Maior, Lugo 1 Outubro 1988

A banda municipal de Lugo ten como director a

INDALECIO FERNÁNDEZ GROBA

Unha institución das máis populares

A Banda Municipal de Lugo ten sete vacantes, que se cubrirán por oposición libre

Unha das institucións máis populares de Lugo é, sen dúbida, a Banda Municipal. Recentes aínda as súas numerosas actuacións nas festas de San Froilán, coidamos de interés lembra-la súa historia, falar de realizacións e de proxectos cara a porvir. Esta agrupación ten na actualidade sete vacantes, que serán cubertas por oposición libre.

A Banda Municipal de Lugo fundouse no 1868 e presentouse en público por primeira vez no 1875, baixo a dirección do mestre Xoán Montes. Entre os numerosos directores que tivo ó longo de tantos decenios, non podemos esquecer a labor dos mestres Manuel Sariñena, autor de «Manoliño», «Eduardo» e «Sifán», e o de Francisco Méndez, baixo a dirección do cal fixéronse as primeiras grabacións musicais da Banda de Lugo coa sección de gaitas, novidade discográfica en Galicia e unha das primeiras de España.

O actual director, Indalecio Fernández Groba, natural de Guláns-Pontevedra, que naceu no ano 1938, está ó cargo da Banda de Lugo dende febreiro de 1979. Estudou no real Conservatorio de Música de Madrid onde acadou o Premio Extraordinario de Contrapunto e Fuga, no ano 1963. Ingresou no Corpo de Directores de Bandas de Música Civiles en novembro do mesmo ano e, o seguinte, ampliou coñecementos en Suíza, país no que residiu catorce anos, e dirixiu tres bandas, foi profesor do Conservatorio de Friburgo e do cantonal de Vaud.

Coa Banda de payerne (categoría superior), conseguiu o primeiro premio nos concursos cantonais de 1967, 1971 e 1975. Coa de Moudón (primeira categoría), tamén logrou o primeiro premio nas convocatorias de 1971 e 1975. Ademais, foi segundo premio no concurso nacional suízo de composición en 1977, co tema «Lemania», interpretado por cen bandas de Bienne co gallo da celebración do devandito concurso.

Durante a súa estancia en Suíza dirixiu concertos en Munich, Estugart, Friburg en Brisgau, Nimes, Montpellier, Schatateau-Tffierrey, entre outras cidades europeas, e compuxo «A Freixa», «O Ventoleiro», «A Rutina», «Saludo a Lugo».

Creatividade

A creatividade do mestre Indalecio Fernández Groba ó longo de nove anos como director da Banda Municipal de Lugo é abundosa. Compuxo obras corais como «O bivo roubado», «Vinde axiña», «Moi lonxe...», e para banda, «Radio Cadena», «Antón Méndez», «López Parreño» e, recentemente, «El Progreso»; conseguiu algunhas melloras para o desenvolvemento artístico dos corenta componentes da Banda e que a academia de rapaces

sexa unha realidade. O remate do concerto de oito bandas celebrado na Praza de Santa María, que finalizou co pasadobre «Ponteareas» e o Himno galego, interpretados conxuntamente baixo a súa dirección, conversamos uns intres co mestre.

-¿Cómo ve a actual Banda Municipal de Lugo?

-Poderíase dicir que está nun momento de renovación. A media de idade dos músicos é relativamente xoven e nestora temos sete vacantes que esperamos cubrir axiña por oposición libre.

-¿Qué posibilidades teñen os educandos da Academia para accederen ás prazas libres?

-Entre os 35 alumnos hai seis ou sete con título elemental que, coido eu, poderían optar a cubrir as ditas vacantes.

-¿Pódese falar dun rexurdir das Bandas de música na provincia?

-Sí. Efectivamente nótase un interesante rexurdir neste eido musical. Proba délo é a recente creación da Banda de Mondoñedo e a próxima presentación da de Villalba. Pero o máis esperanzador é a cantidade de mocidade, sobre todo rapazas, que cada día están a integrarse nas bandas.

-¿Qué porvir lle espera á Banda Municipal de Lugo?

-Confío que será bo; pero depende das xestións do Concello. E mester aumenta-la lista de músicos o máis axiña posible e conseguir para eles unha profesionalidade, como está a suceder na maioría das bandas municipais.

La voz de Galicia, xoves, 13 de Outubro 1988

BLAS LOURÉS:

«O verdadeiro artista coñécese axiña»

«Boto de menos as xuntanzas no «Méndez» con Pimentel, Celestino, Fole, Grandío, Novoneyra...»

O que perseguín sempre, o que penso ter acadado, foi plasmar o que me ven á mente. As miñas obras tratan de dicir algo, falan por min. ¡Con que naturalidade se expresa o artista Blas Lourés! Home de diálogo fácil e ameno, cautívanos dende o primeiro intre pola súa rebordante sinceridade e polo engado poético que teñen as súas palabras. No seu estudio-

museo, nun dos recantos graníticos máis acolledores da cidade —Rúa da Catedral, Rúa do Miño— o tempo transcorre sen nos decatar escoitando ó pintor, que soubo rodearse dun ambiente axeitado para desenvolver a creación artística. Cadros propios e de amigos, forxados, unha vidrería deseñada por el en homenaxe ó seu mestre Rafael Estrada, mobles de estilo rural galego, tallas, cerámicas, as zocas que pertenceron á súa nai e pequenas obras de arte adquiridas no estranxeiro, dinnos da súa admiración polos amigos, do enraizados que están na súa lembranza os sentimentos familiares, do que el entende por amizade.

A amizade —afirma Blas Lourés mentres visitámo-lo estudio— é entrega total. Gústame a nobreza, o agarimo dos amigos e, en xeral, de toda a xente. O meirande que pode existir é a comprensión entre uns e outros. Pero hoxe —laméntase— boto moito de falta as xuntanzas no «Méndez Núñez con Pimentel, Fernández de la Vega, Anxel Fole, Tino Grandío, Manuel María, Novoneyra... e a miña regalía é recollerme neste estudio, escoitar a Tchaikowski, Beethoven, Schubert, música folk galega e plasmar nos lenzos as miñas ideas.

Xesús Blas Lourés (28-11-27) naceu na enxebre rúa lucense de Armañá, no mesmo piso onde viu a luz primeira o poeta e escritor J. Aureliano Pereira. Dende moi novo traballou co seu pai, que tiña un taller de somieres de madeira, e, despois do horario laboral para perfeccionarse en debuxo lineal, molduras e tallas, acudía ás clases do profesor Estrada, o impulsor da súa verdadeira vocación. Don Rafael Estrada —dinos— era un home admirable. El foi quen me animou a pintar a color e quen escolmou un dos meus cadros para participar nun concurso celebrado no ano 1943. O xurado, no que figuraba Xulia Minguillón, concedeme o primeiro premio dotado —naqueles tempos— coa importante suma de cincocentas pesetas que empreguei nun estuche de pinturas e no primeiro bastidor que tiven, bo por certo, que merquei no rastro». Animado polo mestre —engade—e pola gran pintora luguesa, que me ofreceu toda clase de orientacións, inda que nunca a molestei, entregueime á paixón da arte, un veneno arroubador que non me abandonaría endexamais.

A morte do profesor, con outros tres amigos montou un estudio e, no ano 1950, xunto con Tino Prados e Tino Grandío, conseguiu unha beca para estudar na Escola de Belas Artes de San Fernando de Madrid. Unha beca estreita economicamente —suliña— e uns estudos duros ó longo de tres anos que, se ben non me proporcionaron un título académico que podía apoltronarme nunha cátedra, servíronme para facer unha obra inspirada na nosa xente sufrida do campo e para dar forma —como dixen noutras ocasións— ás miñas figuras redondas: coma pas, coma a bola do mundo.

Blas Lourés, terceiro de sete irmáns, non puido entregarse de cheo á arte ata 1970, ano do falecemento do seu pai e da liquidación da industria tras acordo familiar. Eso coincidiu co seu nomeamento de profesor de Debuxo e Pintura do Círculo das Artes, unha das seccións culturais da centenaria institución arraigada fundamentalmente en Lugo.

Empezou impartindo clases a vinte alumnos e hoxe en día atende preto de douscentos matriculados repartidos en varios grupos. Un labor importantísimo xa que gran número de fillos de socios da entidade, que cursan os primeiros estudos baixo a súa dirección, logo ingresan en escolas superiores de Arquitectura e de Belas Artes. O artista síntese realizado co seu traballo. No seu plan didáctico non caben notas nin premios porque non quere ser verdugo dos propios alumnos. E aclara: lembro que eu anceiaba remata-lo traballo para ir ás clases do mestre Estrada.

Coma eles, sacrificábame para ir á escola. ¿Non son dignos de admirar tamén?

Para ampliar coñecementos artísticos, Blas Lourés ten asistido a cursos de arte en Madrid e viaxou a Portugal e París, onde estudiou os impresionistas Van Gogh e Cezanne, a Mark-Chagall, Braque e Picasso «artista completísimo que empastaba moi ben e coñecía tódolos segredos da pintura. En Roma maravillouse diante da obra de Miguel Ángel na Cápela Sixtina e, na Galería dos Uffizi, de Florencia, encontrouse con Rafael, Leonardo e Botticelli creador do fabuloso Nacemento de Venus. Tamén visitou a exposición antolóxica de Dalí xenial debuxante máis ca pintor e mostras de Tapies e Miró mestres da pintura abstracta.

Curriculum

Entre os numerosos premios, Blas Lourés, acadou o 2º de Pintura «Círculo das Artes» (1954), o 1º de Debuxo «Educación e Descanso» (Lugo, 1958); o 1º de Pintura da mesma organización (1959); o 1º «Melgas e Trasgos» (Sarria, 1972) e o 3º de Pintura «Bimilenario de Lugo» (1976).

Presentou mostras nas exposicións colectivas «Rexional de Santiago» (1955); «Nacional de Alicante» (1957); «Nacional de Sevilla» (1957), «Grupo Os Urogallos», de Lugo (1963); nas bienais de Pontevedra (1970 - 1971 - 1972 - 1973 e 1974), «Cuarta Exposición de Arte al Aire Libre de Vigo» (1971); «Arte Joven de Galicia de A Coruña» (1973); «Exposición de Pintura, Dibujo y Escultura de Guitiriz» (1973); «Exposición de Pintura, Dibujo y Escultura de Noia» (1973); «Eduardo Blanco Amor» de Vigo (1967), «Mostra de Outono» de A Coruña (1979), «Séptimo Salón de Arte-Lorient» (1982);

«Certamen Internacional de Arte Contemporáneo», «Salón das Nacións de París» (1984); «Dezasete Pintores de Lugo de Buenos Aires » (1986) e, a mesma, en Lugo e outras cidades galegas (1987).

No seu historial figuran as seguintes exposicións individuais: «Salón de Exposicións do Axuntamento de Lugo» (1960); «Caixa de Aforros Municipal» (Vigo, 1967), «Sala de Exposicións do Ateneo de Pontevedra» (1968), «Sala de Exposicións de Información e Turismo» (A Coruña, 1968), «Sala Velázquez» (Madrid, 1975); «Caixa de Aforros Municipal» (Vigo, 1975); «Círculo das Artes» (Lugo, 1977), «Sala de Arte, B.C.I. » (Lugo, 1979 e 1986) e «Caixa de Aforros de Galicia» (A Coruña, 1982 e Santiago, 1983).

Blas Lourés ilustrou as publicacións «Almanaque Cartonajes Anmi» (Lugo- 1960); «A Nosa Terra» (de «Libro de Oro», no centenario de Ramón Cabanillas), Vigo (1976), e libros dos escritores lugueses Anxel Fole, Uxío Novoneyra, Darío Xohan Cabana e Antón Grande.

A súa produción artística atópase en mans de coleccionistas particulares e en institucións como a Depuración, o Concello, o Museo, o Círculo das Artes, o Banco de Crédito e Inversiones (todas elas de Lugo); na «Caixa de Aforros de Galicia» (en Santiago e A Coruña); na Caixa de Aforros Municipal de Vigo e no Centro Galego de Madrid

Con sinceridade, manifesta: «Sempre se adprende de tódolos grandes artistas e non debo deixar de citar a El Greco e a Goya que influiron moito na miña primeira época ata que me fun encontrando a min mesmo e creei o estilo que me caracteriza, inda que espero facer algo máis. Non quedarme. Seguir.

«A nena do Abanico», a «Cacharreira», «Feiral de San Froilán», «Panadeiras», «A man da fouciña», «Tríptico dunha vida»... son cadros representativos do coñecido artista lugués que, a través do tempo, foi madurando ata acadar unha gran harmonía de luz e sombras nas figuras redondeadas e nas formas curvas inspiradas no románico. Pero ¿quen mellor có propio artista para explica-la súa traxectoria creativa?

«Cando empecei —confesa— facíao, como debe ser, estudiando os clásicos, debuxando moito e empregando cores naturais, pouco a pouco. A pintura de vangardía empecei a vela polo 54. Foi unha experiencia corta, de tres ou catro anos, na que facía as cousas contrarias a todos. Logo inicie unha época auténticamente persoal, de formas redondas realizadas en roxo e azul que tiveron moito éxito en Madrid, onde se chegou a afirmar que a miña pintura non é galega. Estaban afeitos ós grises, dominantes nos pintores galegos. Moito se ten fabulado da Galicia borrallenta. Están nun erro os que conciben a nosa

Terra como un país medieval e chorimiqueiro. Eu digo: convivín co noso pobo e podo asegurar que en Galicia hai alegría, hai beleza, síntese o engado de vivir. As cores da miña obra non deixan de ser galegas e eu son tan galego coma o que máis».

O amigo Xesús Blas Lourés cavila un intre como se quixera renunciar á idea que quere expresar, pero decídese: «Din que hai tendencias. Eu non me explico, claro, e penso ¡adiante! ¡que corran! E moi doado dicir: «eu son un pintor de vanguardia». ¡Un camelo! Ó verdadeiro artista conéceselle axiña, nótaselle, vézelle. Eu prefiro pintar pouco e adicarme ó ensino antes que chegar a certas chafalladas».

Praza Maior, Lugo, agosto 1989

XACINTO REGUEIRA ALONSO,

árbitro e formador de xuíces de piragüismo

O interés polo piragüismo espertou en don Xacinto Regueira en Lugo. «A finais de 1949 —explícanos na habitual tertulia á hora do café no Méndez Núñez— para esquece-las vicisitudes bélicas, fíxenme socio do Club Fluvial e alí empecei a navegar no barco máis pequeno do mundo. Como dixo o alcalde de Ferrol, don Xaime Quintanilla, na homenaxe que me fixeron hai catro anos, a miña tendencia dende neo foi ser mariñeiro da Armada, pero non o conseguín por problemas familiares e por iso me dediquei a navegar en barcos pequenos».

Como membro do Club Fluvial, a pesar de que como deportista activo tiña (segundo propia confesión) moita afección pero pouco éxito, ó se funda-la Federación Nacional de Piragüismo no ano 1960 foi nomeado o primeiro xuíz de piragüismo de España e, ó mesmo tempo, presidente do Colexio de Arbitros e director da Escola de Arbitros da Federación.

O longo dos anos impartiu cursos de formación de xuíces de piragüismo en Madrid, Zaragoza, Canarias, Murcia, Catalunya, Baleares e noutros moitos lugares do país así como en Portugal. Xosé Mouriz, o gran caricaturista lugués acertou moi ben ó caracterizalo nun debuxo coa balanza da Xusticia, que presenta o Reglamento nun prato e unha piragua no outro. "O xuíz —dinos o noso biografiado— ten que ser íntegro. Mouriz simbolizou moi ben a miña rectitude. Non é doado ser bo xuiz por moitas leis que se coñezan. A principal condición que debe ter é mirar soamente ó número do dorsal que identifica ó atleta. A min —segue humorísticamente— chámanme Don Reglamento Severo Puntual. Claro, que tamén é

moi legal e moi de bo xuíz recoñece-los propios erros. En tal caso o atleta, previo depósito de 25 dólares, para empecer reclamacións incoherentes, pode recorrer ó Tribunal de Disciplina. Pensó que non son severo, puntual sí, en extremo".

Curriculum vitae

Don Xacinto Regueira Alonso, na súa vida de dedicación ó deporte do piragüismo, acadou os maiores honores e condecoracións. E presidente de Honor do Colexio Nacional de Arbitros-Cronometradores; presidente de Honor da Federación Galega de Piragüismo; Membro de Honra da Federación Portuguesa de Canoagem e Membro de Honor da Federación Española de Piragüismo. A máis foi director da Escola de Formación de Arbitros, árbitro internacional en Carreiras en Liña, arbitro experto en Augas Bravas e arbitro nacional en Descensos de Ríos. Entre as numerosas condecoracións e distincións que se lle outorgaron destacaremos só a Medalla de Bronce ó Mérito Nacional Deportivo, a de Ouro ó Mérito Piragüístico e a de Bronce da O. S. Nacional de Educación e Descanso. Tamén lle foron concedidas numerosas insignias de ouro, entre as que sobresa a da Federación de Salvamento e Socorrismo, entidade da que foi vice-presidente, e gran número de placas e distincións da práctica totalidade de federacións, colexios de arbitros e clubs do Estado.

Entre os actos que se lle tributaron na súa honra sobresa a Homenaxe Nacional de Piragüismo español (8-7-78) e a que lle rendiu a Federación Provincial de Deportes de Lugo o ano 1980, como gratitude pola súa entrega incondicional ó piragüismo.

No eido internacional foi xuíz nos Campeonatos de Francia en 1970. Obtivo o título de Arbitro; Internacional, aínda vixente, nos Campeonatos Mundiais de 1973, en Tampere (Finlandia), e actuou como tal nos Campeonatos do Mundo en México (1974), na Olimpíada de Montreal (1976), nos Campeonatos Mundiais de Belgrado (1978), nos de México, abertos ó Mundo (1977) e na Olimpíada de Moscú (1980).

Don Xacinto creou a Copa Miño (a máis antiga de Galicia); o Descenso de Peares a Ourense; o Descenso Internacional do Miño, entre Salvaterra e a Ponte Internacional de Tui; os descensos do Ulla, do Lárez, do Eume, do Sil, en Barco de Valdeorras e a proba da Ría do Ferrol, entre outros. Pola súa continuada colaboración, durante 35 anos como árbitro no Descenso Internacional do Sella, e foi designado riosellano adoptivo. O ferrolano don Xacinto Regueira estudou no Colexio Xeral Técnico da capital departamental, onde coincidiu como alumno con Torrente Ballester, Carlos Franco Iribarnegaray e Pita Romero, entre outros. Penúltimo de oito irmáns, como enxebre ferrolán, sentía vocación pola marina,

máis ó falecer o seu pai, dada a nova situación económica e familiar, optou por facer Maxisterio e, tras gana-las oposicións no ano 1933, escolleu destino na súa cidade natal.

Conversador ameno de reflexos rápidos, don Xacinto gusta de intercalar lembranzas anecdóticas: "Un día que estaba a pasear cos primos de Franco, Carlos e Carlitos, (diferenciados así entre os amigos polo timbre de voz que tiñan), cruzáronse co, daquela director da Academia Xeral Militar de Zaragoza e saudárono coa man, e díxolles Franco: "os cadetes deben ir debidamente uniformados e con guantes". Tamén lembra a nai do anterior xefe de Estado, presidente da Asociación Católica Obreira, que lle pediu permiso para utilizar a escola para alfabetizar un grupo de obreiros e, logo, polo día do seu santo, regaloulle un cento de pastéis. "Doña Pilar —dinos o amigo don Xacinto— era una gran persoa. Agasalloume con doces porque sabía que me gustaban moito.

No ano 36 as circunstancias familiares e de emprego truncáronse por completo. Coa súa nai, viaxara a Xixón para visitar unha irmá e ós sobriños. Estalou a guerra civil e non puideron voltar a Ferrol; pero o irreparable foi a trágica perda de tan queridos familiares debida a un bombardeo, feito que o marcou para sempre.

En Xixón seguiu exercendo maxisterio e conseguiu o título de inspector de Ensino Primario a pesar da súa xuventude, brillante porvir que foi truncado polo simple feito xeográfico de residencia.

A cadea en diferentes campos de concentración, os traballos forzados, a desposesión do dereito a exercer e, o peor, a perda da nai e parte da familia foron as causas de que aínda hoxe perdure en don Xacinto o complexo de vítima da traxedia fratricida e que sinta pavora ante a política. "Certo —dinos— que puiden conseguir un aval porque tiña grandes influencias na zona vencedora, pero non quixen servirme de favores. ¿Por qué me ía a desenlear do destino dos meus compañeiros, tan intachables coma min pero sen posibilidades de obterem un aval? Eu —engade para mellor explicarse ante a miña admiración polo nobilísimo concepto que ten da amizade e do honor quizais sexa orgulloso, pero o que non quero é deber obrigas. Como anécdota direille que nunha ocasión un alto directivo de Banca pedíume unha invitación para visita-la Feira Exposición de Lugo, da que eu era comisario. Botei man a carteira e ofrecílle un billete de cinco pesetas, que era o importe do boleto de entrada e non aceptou, claro está, pero serviulle de lección. ¿Cómo ía eu a pedirlle a Ameijide, o presidente da Comisión da Feira, tan cativo favor para logo verme, obrigado a compensarillo?

Verdadeiramente tamén me sinto moi lugués aínda que nacín en Ferrol, díxnos noutro momento, na súa casa rodeados de trofeos froito dunha longa vida deportiva. Non é de

estrañar xa que son 48 anos ós que leva residindo en Lugo; primeiro para dedicarse ó ensino privado e despois como axente comercial e de vendas. "O ensino — dinos— exercino poucos meses porque gañaba xusto para a pensión. O comercio, para o que nunca tiven verdadeiras aptitudes, dábase para vivir porque non era home de malgastar, de beber nin de fumar. Había comerciantes moi chocantes. Un da rúa da Reina demostraba moito interese polas miñas ofertas e sempre remataba dicindo: "Xacinto, tes uns productos estupendos, pero hoxe non che mercó nada". Polo contrario, outro da mesma rúa sempre me dicía: "canto levas non vale un peso".

Hai outras motivacións que o vinculan fortemente a Lugo. El foi secretario xeral da Comisión de Festas (do Corpus e de San Froilán), dende 1951 ata 1955, inclusive. Abríanos pola súa nítida memoria cando nos di con toda naturalidade: "o presuposto das festas do ano 1951 era de 170.000 pesetas das que nos sobraron 394. Para deportes, agás a proba motorista, que costou 25.000 pesetas, destinamos 3.025, incluída a Copa Miño, que hoxe conleva gastos por máis de un millón. Os importes de luces, guirnaldas, etc., foron de 30.000 pesetas. Os custos cubríámolos coas colaboracións voluntarias de comercios, bares e profesionais, que pagaban unha cuota de 200 pesetas. O Concello participou con 90.000 pesetas. Daquela había moito máis ambiente ca hoxe porque acudía moita xuventude, incluso doutros concellos. O Domingo das Mozas era sorprendente pola cantidade de mocidade que se xuntaba a pesar das limitacións económicas que tiña. Nestora a xente nova vai ós bares, ós "pubs" ou ás discotecas e as festas perderon interese pra eles".

Durante doce anos tamén foi secretario do Casino, sociedade clasista que chegou a ter 400 socios e se disolveu a comezos da década dos setenta tras máis de cen anos de actividade. Estaba no Cantón e tivo o derradeiro local social no primeiro piso de "La Voz de La Verdad".

A súa baixa como socio de número do "Círculo de las Artes" denota unha vez máis o seu forte carácter, que non admite imposicións. "Un día —explícanos— don Manuel Figueroa Mosteiro e don Luis Ameijide sorprendéronme ó dicirme que me ían a propoñer para secretario xeral da institución, o cal conlevaba a obriga de aceptación. O día seguinte deime de baixa definitivamente, alegando unha prolongada ausencia por viaxe. Parecelles mal. ¿Cómo ía aceptar —pregúntase o señor Regueira— sendo secretario do Casino onde xa tiña un traballo enorme?

Outro cargo do que se sente orgulloso foi o de comisario da I Feira Exposición de 1958, organizada pola Deputación e a Delegación de Sindicatos de Lugo no Parque Rosalía de Castro, na que presentaron importantes stands Frigsa, comerciantes, industriais e artesáns.

Don Xacinto é un home sumamente coidadoso e ordenado. A súa casa é un arquivo de historia piragüista. Ten corentedous albums de fotos, cincuentasete de crónicas e críticas, catro de entrevistas persoais e colaboracións propias en xornais e revistas especializadas e outros con nomeamentos, saúdos, cartas, etcétera. "A miña entrega ó deporte piragüístico —suliña— absorbe por completo as miñas inquedanzas, sempre desinteresadamente, plenamente amateur".

O humor é outra das súas máis pronunciadas características. Inesperadamente dinos: "Chámome Xacinto, o único nome que se atopa nos tres reinos da natureza: a flor xacinto, no reino vexetal; o xacinto compostelano, que é cuarzo branco con betas roxas, no reino mineral; e eu mesmo, no reino animal.

Como xa vimos é, ademais, un afervoadado cultivador da amizade "porque cando non hai satisfaccións familiares —bromea— é mester compensa-la soltería que avanza".

Praza Maior, Lugo, xullo 1990